# ORDENANZA XERAL DE CIRCULACIÓN E USO DA VÍA PÚBLICA

Aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 6 de marzo de 1998.
Publicada no BOP de A Coruña o 7 de maio de 1998, modificacións publicadas nos BOP de 9 de xuño de 2000, 26 de maio de 2006, 13 de xullo de 2006 (artigo 110.3), 24 de febreiro de 2010 (artigos 58 a 67 derrogados).

## TÍTULO PRELIMINAR

## OBXECTO DA ORDENACIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

**Artigo 1**. -

O Concello de Santiago de Compostela acorda aprobar a presente Ordenanza municipal da vía pública en virtude das facultades que sobre tráfico urbano lle confiren a Lei de bases do réxime local, artigo 25-2b, a Lei de bases do tráfico e seguridade vial, o Real decreto lexislativo 339/90 do 2 de marzo sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, artigos 7, 38-4 e 68-2, modificado pola Lei 5/97, do 24 de marzo, e o Real decreto lei 12/97, do 1 de agosto e especialmente as competencias referidas a:

1.- Ordenación e control do tráfico en vías urbanas, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan e a sanción das mesmas, cando non estean expresamente atribuídas a outra administración.

2.- Regulación dos usos das vías urbanas, incluído o réxime de parada e estacionamento, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas.

3.- Retirada dos vehículos das vías urbanas e o seu posterior depósito, cando obstaculicen ou dificulten a circulación, supoñan un perigo para esta, entorpezan o réxime de parada e estacionamento ou xeren contaminación acústica de acordo co establecido na presente Ordenanza e na Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións e condicións dos locais.

4.- Inmobilización dos vehículos, nas circunstancias e condicións previstos na lexislación vixente.

5.-Autorización de probas deportivas cando discorran polo casco urbano.

6.- Realización de probas establecidas regulamentariamente para determinar o grao de intoxicación alcohólica, estupefacientes, por substancias psicotrópicas ou estimulantes, dos conductores que circulen polas vías públicas urbanas.

7.- O peche das vías urbanas cando resulte necesario.

8.- A regulación do servicio de transporte urbano colectivo, transporte escolar e dos vehículos de servicios de clase "A", auto-taxi, e clase "C", ambulancias, nos termos recollidos na súa regulación específica.

9.- A regulación das paradas e itinerarios do transporte interurbano -regular ou discrecional- nas súas entradas e saídas da cidade, ata a Estación de Autobuses.

10.- A regulación dos transportes pesados e perigosos, nos termos que se reflicten na súa ordenanza específica.

11.- A regulación da carga e descarga.

**Artigo 2.-**

Esta Ordenanza ten por obxecto regular o uso do dominio público municipal e, especificamente, das vías, prestando unha especial atención á circulación en vías urbanas do termo municipal de Santiago de Compostela e obriga ós titulares e usuarios das vías e terreos urbanos aptos para a circulación, tanto públicos como privados, ós das vías e terreos que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, a falta doutras normas, ós titulares das vías e terreos, tamén urbanos, que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

O Concello de Santiago entende que as zonas de aparcamento no casco urbano da cidade constitúen un ben escaso, que o seu aproveitamento é de interese xeral e que a el teñen dereito por igual todos os usuarios de vehículos. Como consecuencia disto obter a máxima equidade na distribución temporal nos aparcamentos dispoñibles en superficie -que, en definitiva, constitúen un aproveitamento intensivo de bens de dominio e uso público-, facendo posible que todos os veciños conten con esta posibilidade para resolver os problemas urxentes que xorden mentres utilizan o seu vehículo e garantindo que ninguén poida abusar dunha utilización privativa e privilexiada por calquera motivo, especialmente pola ocupación cronoloxicamente anterior, sen ningunha limitación de tempo, e en prexuízo dos demais usuarios, constitúe unha finalidade prioritaria a acadar polo Concello nesta materia. Con este obxectivo, ordénase a utilización, permanencia e retirada dos vehículos dos aparcamentos dispoñibles como un servicio público prestado polo Concello de Santiago de Compostela pola xa mencionada finalidade de conseguir unha xusta e equitativa distribución dos escasos espacios dispoñibles entre todos os usuarios que os necesiten. Este servicio

público configúrase e organízase e, polo tanto, préstase a través da aplicación da Ordenanza de regulación do aparcamento (ORA). e, en función dela, da posibilidade de retirar os vehículos cando co seu incumprimento orixinen graves perturbacións no funcionamento deste servicio público.
Corresponde á autoridade municipal a ordenación do estacionamento e a circulación nas vías urbanas de uso público independentemente da súa titularidade, pública ou privada.

**Artigo 3.-**

Para os efectos da presente Ordenanza, considérase vía urbana, toda vía pública comprendida dentro da zona urbana da poboación, entendéndose por tal a delimitación establecida polo Plan xeral de ordenación urbana.

**Artigo 4.-**

Subsidiariamente, naquelas materias non regulamentadas expresamente nesta Ordenanza ou, de ser o caso, nos seus anexos, aplicarase a Lei de tráfico e seguridade vial, o Regulamento xeral de circulación e demais normas de carácter xeral.

**Artigo 5.-**

Para os efectos desta Ordenanza e das demais normas complementarias, utilízanse os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e usuarios indicados no anexo de Lei de tráfico e seguridade vial ademais dos contidos no Regulamento xeral de circulación.

**Artigo 6.-**

Corresponde á Policía Local ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade. A Policía Local será tamén administrativa no relativo ás ordenanzas, bandos e disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia..
Así mesmo, será da súa competencia formular as denuncias que procedan polas infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza, na Lei de seguridade vial, no Regulamento xeral de circulación e nas demais disposicións complementarias.

## TÍTULO I: DA CIRCULACIÓN URBANA

## CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS

**Artigo 7.-**

Os/as usuarios/as das vías están obrigados a comportarse de xeito que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas ou danos ós bens.

**Artigo 8.-**

A realización de obras ou instalacións nas vías obxecto de esta ordenanza necesitará a previa licencia municipal e se rexerán polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral.

**Artigo 9.-**

Prohíbese botar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento ou facelos perigosos ou deteriorar aquela ou as súas instalacións ou producir na mesma ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.

**Artigo 10.- Sinais acústicas e publicidade.**

Prohíbese o uso de megafonía e de sinais acústicas non sendo para os vehículos da policía, bombeiros e outros dedicados ó servicio de emerxencia, salvo o disposto no artigo 35 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións.

Soamente será xustificado o emprego instantáneo de avisadores acústicos en casos excepcionais de perigo inmediato de accidente que non se poidan evitar por outros sistemas ou nos supostos previstos na Ordenanza reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións.

Está igualmente prohibida a publicidade estática nas beirarrúas e inmediacións das vías públicas. Tamén se prohibe a implantación de árbores, farolas, mobiliario urbano, paredes, valos e elementos que afecten ó uso das vías públicas sen a autorización ou licencia municipal correspondente.

**CAPÍTULO II.- SINALIZACIÓN**

**Artigo 11.- Normas xerais sobre sinais.**

1.- A sinalización é o conxunto de indicacións composto polas ordes dos axentes da circulación, os sinais circunstanciais que modifican o réxime normal de utilización da vía, os semáforos, os sinais verticais de circulación e as marcas viais, destinadas ós usuarios da vía e que teñen por misión advertir e informalos, ordenar ou regulamentar o seu comportamento coa necesaria antelación ou advertir de determinadas circunstancias da vía ou da circulación.

As características da dita sinalización son as especificadas nos títulos IV e V do Regulamento xeral de circulación.

2.- Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, os usuarios deben obedecer as prescricións indicadas polos sinais, aínda cando parezan estar en contradicción coas normas de comportamento de circulación.

**Artigo 12.- Prioridade entre sinais.**

1.- A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación é a seguinte:

1.-.- Sinais e ordes dos axentes de circulación

2.-.- Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía.

3.-.- Semáforos

4.-.- Sinais verticais de circulación

5.-.- Marcas viais.

2.- En caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradicción entre si, prevalecerá o prioritario, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou o máis restrictivo, se se trata de sinais do mesmo tipo.

**Artigo 13.- Mantemento dos sinais e sinais circunstanciais.**

1.- Corresponde ó titular da vía a responsabilidade do mantemento dos sinais e marcas viais nas mellores condicións posibles e da seguridade para a circulación e da instalación. Tamén corresponde ó titular da vía conceder as autorizacións precisas para instalar nela outros sinais de circulación. En casos excepcionais, os axentes da autoridade poderán instalar outros sinais, de carácter circunstancial, sen autorización previa e polo menor tempo posible.

2.- A autoridade encargada de regular o tráfico será responsable da sinalización de carácter circunstancial en razón das continxencias que poidan producirse no propio tráfico e da sinalización variable necesaria para o seu control, de acordo coa lexislación de estradas.

3.- A responsabilidade de sinalizar as obras que se realicen nas vías obxecto desta Ordenanza corresponde ós organismos que as realicen ou ás empresas adxudicatarias, de acordo co que regulamentariamente se determine. Os usuarios da vía están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tráfico nas obras.

**Artigo 14.- Retirada, substitución e alteración dos sinais.**

1.- O titular da vía ou, de ser o caso, a autoridade encargada de regular o ordenará a inmediata retirada ou a substitución polos acaídos dos sinais antirregulamentarias, dos que perderan o seu obxecto e dos que non cumpran por causa do seu deterioro.

2.- Salvo por causa xustificada, ningúen debe instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar a sinalización dunha vía sen permiso do titular da mesma ou, de ser o caso, da autoridade encargada da regulación do tráfico ou da responsabilidade das instalacións.

3.- Prohíbese modificar o contido das sinais ou colocar sobre elas ou nas súas inmediacións placas, carteis, e outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou a súa eficacia, cegar ós usuarios da vía ou distraer a súa atención.

**Artigo 15.- Sinalización**

1.- A sinalización de balizamentos, prohibicións, perigos, restriccións ou obrigas referidas a vehículos e peóns que circulen polas rúas da cidade farase empregando os sinais que se determinan no Regulamento xeral de circulación coas modificacións posteriores en vigor.

2.- Non será preciso sinalizar os seguintes casos:

a) Cando as prohibicións, restriccións ou obrigas sexan absolutas en toda a poboación e se dispoñan os sinais correspondentes nos accesos á cidade.

**b) No caso de autorización sen limitación de tempo.**

3.- Os sinais de circulación poderán instalarse en postes axeitados, en apoios comúns a outros servicios ou nas fachadas das edificacións. Os propietarios destas edificacións quedan obrigados a permitir a súa colocación.

4.- Prohíbese que os particulares coloquen sinais de circulación nas fachadas dos edificios sen a correspondente licencia municipal.

**CAPÍTULO III. CLASIFICACIÓN DAS VÍAS URBANAS.**

**Artigo 16**.-

Atendendo ó seu uso, función, capacidade e á ordenación da circulación, as vías urbanas do municipio de Santiago clasifícanse en:

- Vías de uso peonil.
- Vías de circulación en sentido único.
- Vías de circulación con limitación para vehículos con peso determinado.
- Vías de libre circulación.
- Vías de atención preferente ou de moi densa circulación.

**Artigo 17.- Vías de uso peonil.**

Con carácter xeral, nas rúas do casco histórico, incluídas dentro do ámbito do Plan especial de rehabilitación e conservación do casco histórico, prevalecerán os usos peonís e a protección do patrimonio sobre a súa utilización como vías de circulación e estacionamento de vehículos: Neste sentido defínese como peonil o recinto situado no interior do circuíto formado polas rúas da Senra, Fonte de Santo Antonio, Mazarelos, praza da Universidade, travesa da Universidade, Ensinanza, Virxe da Cerca, Porta do Camiño, Rodas, Hospitaliño, Xasmíns (primeiro tramo), Costa Nova (primeiro tramo), Xoán XXIII, Costa de San Francisco, Carretas, Trindade, Rodrigo de Padrón, avenida de Figueroa, Porta Faxeira e Campo da Estrela.

En atención ás limitacións da circulación e do estacionamento establécense os seguintes niveis:

**Artigo 18.- Vías de circulación prohibida.**

Son as rúas ou prazas que non permiten o paso de vehículos polo seu ancho ou por razóns históricas, artísticas ou de seguridade, ou fano incompatible pola intensidade do tránsito de peóns. Son as seguintes:

- Altamira, travesía de
- Antonio Raimundo Ibáñez, avenida de
- Bautizados, rúa dos
- Caldeirería, rúa da
- Entrecercas, ruela da
- Entremurallas, rúa de
- Entremuros, rúa de
- Figueroa, avenida de (entre a Senra e a Porta Faxeira)
- Fuenterrabía, rúa de
- Gramáticos, tránsito dos
- Luís Legaz Lacambra, avenida. de
- Obradoiro, praza do
- Peso, ruela do
- Pontevedra, avenida de
- Porta da Mámoa
- Quintana, praza da
- Raxoi, avenida de
- Santo Domingo de la Calzada, rúa de
- Troia, rúa da (último tramo cara á Acibechería)
- Xerusalén, ruela de

**Artigo 19.- Vías de circulación prohibida con suxeición a horario.**

1.- Son as rúas nas que por razóns de seguridade ou de carácter histórico-artístico se debe compaxinar a circulación de vehículos co tránsito de peóns e co servicio de comercios e vivendas. Nelas permítese a circulación soamente en determinados períodos do día.

2.- Prohíbese a circulación de vehículos todos os días entre as 24.00 e as 7.00 horas e entre as 10,30 e as 24.00 horas polo interior do recinto que cinguen as seguintes rúas: Senra, praza de Galicia, Fonte de San Antonio, Mazarelos, praza da Universidade, travesa da Universidade, rampla da Praza de Abastos, Ensinanza, Virxe da Cerca, Porta do Camiño, Rodas, Hospitaliño, Xasmíns (primeiro tramo), Costa Nova, avenida de Xoán XXIII, costa de San Francisco, Carretas, Trindade, Rodrigo

de Padrón, avenida de Figueroa e Porta Faxeira, agás nas rúas de San Fiz, Ameas, Santo Agostiño, travesa de Santo Agostiño, Pescadería Vella, praza de Irmán Gómez e rúa da Oliveira, que se rexerán polo disposto para carga e descarga e pola ORA,, e que comprende, entre outras, as seguintes rúas e prazas:

a) Cantón do Toural, praza do Toural, rúa do Vilar, praza de Praterías, Porta Faxeira, rúa do Franco, rúa do Preguntoiro e de Xelmírez.

b) Rúa da Algalia de Abaixo, dos Truques, rúa e praciña da Algalia de Arriba, rúa das Casas Reais, praza de Salvador Parga, rúela das Ánimas, rúa e praza de San Miguel dos Agros, rúa da Fonte de San Miguel, rúa de Santa Cristina, rúa e praza da Atalaia, rúa e praza de San Martiño Pinario, rúa da Troia, ruela de Xerusalén, rúa da Acibechería, praza de Cervantes, rúa e praza de Santo Agostiño, rúa e cantón de San Bieito e rúa do Curro da Parra.

c) Rúa do Cardeal Payá, rúa de Tras Salomé, rúa das Orfas, rúa Nova, rúa de Xelmírez, Fonseca, praza das Praterías, travesa de Xelmírez, rúa da Conga, rúa da Fonte Sequelo, praza de Feixó, rúa Travesa, rúa de San Paio de Antealtares, vía Sacra, rúa da Porta da Pena, rúa da Fonte de San Miguel, rúa de Abril Ares, rúa das Campás de San Xoán (Moeda Vella), praza da Inmaculada, tránsito da Quintana, travesa das Dúas Portas e rúa de San Francisco.

3.- As persoas que por razón de enfermidade ou minusvalía física e os vehículos que precisen achegarse a estas áreas fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas, débeno solicitar por escrito ou directamente, en horario de oficina, no departamento de Tráfico que, logo das comprobacións oportunas, poderá autorizalo coas condicións que cumpran.

4.- As anteriores prohibicións non atinxen ás ambulancias, taxis, coches de bombeiros e da policía, en acto de servicio, e vehículos autorizados.

**Artigo 20.- Vías de circulación en sentido único.**

Son as que permiten a circulación de vehículos nun só sentido. Con carácter xeral as vías de circulación serán de sentido único, salvo as de tres ou máis carrís ou aquelas en que non sexa posible establecer circuítos de retorno. Sen pretender unha relación exhaustiva son, entre outras, as seguintes:

- Abril Ares, rúa de
- Acibechería, rúa de
- Alfredo Brañas, rúa de
- Algalia de Abaixo, rúa da
- Algalia de Arriba, rúa da

- Angustia, rúa da
- Antonio Casares, rúa de
- Atenas, rúa de
- Batalla do Clavijo, rúa de
- Belvis, rúa de
- Berna, rúa de
- Betanzos, rúa de
- Bispo Teodomiro, rúa do
- Burgas, avenida das
- Campás de San Xoán, rúa das
- Campo da Angustia, rúa do
- Cardeal Payá, rúa do
- Carreira do Conde, rúa da
- Carretas, rúa das
- Casas Reais, rúa das
- Castiñeiros, rúa dos
- Castro, rúa do
- Castrón Douro, rúa do (no tramo entre Patio de Madres e cruce de Pitelos)
- Ciencias, avenida das
- Concepción Arenal, rúa de
- Conga, rúa da
- Costa de San Domingos, costa de
- Costa do Vedor, costa do
- Costa Nova
- Cruceiro do Gaio, rúa e travesa do
- Chufas, ruela das
- Do Rosario, rúa do
- Domingo Fontán, rúa de
- Doutor Ángel Jorge Echeverri, avenida do (entre a rúa do Mestre Mateo e a praza do Seminario de Estudos Galegos)
- Doutor Teixeiro, rúa do
- Dúas Portas, travesa das

- Eduardo Pondal, rúa de
- Enrique Vidal Abascal, rúa de (entre a rúa Restollal e a de Severino Rivero Tomé).
- Entrerríos, rúa de
- Escultor Asorey.rúa do
- Espírito Santo, rúa do
- Feáns, rúa dos
- Fernando III o Santo, rúa de
- Fonseca, rúa e travesa de
- Fraguas, corredoira das
- Franco, rúa do
- Frei Rosendo Salvado, rúa de
- García Blanco, rúa de
- Gómez Ulla, rúa de
- Home Santo de Bonaval, rúa do
- Hórreo, rúa do (tramo comprendido entre a rúa da República Arxentina e a Praza de Galicia)
- Hortas, rúa das
- Hospitaliño, rúa do
- Irmáns Rey Alvite, rúa dos (entre a rúa de Laverde Ruiz e a de Santiago de Guayaquil)
- Isidro Parga Pondal, rúa de (tramo entre rúa do Restollal e Severino Rivero Tomé)
- Lagartos, rúa dos
- Laverde Ruiz, rúa de
- López Ferreiro, rúa de
- López Gómez de Marzoa, avenida de
- Loureiros, rúa dos
- Manuel Colmeiro, rúa de
- Manuel Murguía, rúa de
- Mazarelos, rúa de
- Montero Ríos, rúa de
- Noia, rúa de
- Nova de Abaixo, rúa
- Nova, rúa

- Novoa Santos, avenida de
- Número 5, rúa (da estrada de Santa Comba á avenida de Castelao)
- Oliveira, rúa da
- Olvido, rúa do
- Orfas, rúa das
- Ourense, rúa de
- Patio de Madres, rúa do
- Pérez Costanti, rúa de
- Pexigo de Abaixo, rúa do
- Pexigo de Arriba, rúa do
- Pisón, ruela do
- Pitelos, rúa dos
- Porta da Pena, rúa da
- Poza de Bar, rúa da
- Preguntoiro, rúa do
- Quiroga Palacios, rúa de
- Raíña, rúa da
- Ramón del Valle Inclán, rúa de
- Ramón Cabanillas, rúa de
- República Arxentina, rúa da
- República do Salvador, rúa da
- Restollal, rúa de
- Rianxo, rúa de
- Rosa, rúa da
- San Bieito, rúa de
- San Clemente, rúa de
- San Domingos, costa de
- San Lourenzo, rúa de
- San Miguel dos Agros, praza de
- San Paio de Antelatares, rúa e travesa de
- San Pedro de Mezonzo, rúa de
- San Pedro, rúa de

- San Pedro, travesa de
- Santa Uxía de Ribeira, rúa de
- Santiago de Chile, rúa de
- Santiago de Guayaquil, rúa de
- Santiago del Estero, rúa de
- Santiago León de Caracas, rúa de
- Santo Agostiño, rúa de
- Santo Antonio, calzada de
- Toural, praza do
- Tras do Pilar, rúa de
- Tras Salomé, rúa de
- Tras Universidade
- Travesa, rúa
- Trindade, rúa da
- Trompas, rúa das
- Truques, rúa dos
- Varsovia, rúa de
- Vigo, avenida de
- Vilagarcía, avenida de
- Vilar, rúa do
- Xasmíns, rúa dos
- Xelmírez, rúa de
- Xeneral Pardiñas, rúa do

As rúas de sentido único identificaranse pola súa sinalización.

**Artigo 21.- Vías con limitación para a circulación de vehículos con peso determinado**.

1. Prohíbese a circulación de vehículos cun peso máximo autorizado superior a 5.500 quilogramos polas vías rurais do termo municipal e polo interior do casco urbano coas salvidades do disposto na normativa sobre carga e descarga e do circuíto formado polas seguintes rúas:

Avenida de Romero Donallo, rúa do Hórreo, avenida de Lugo, avenida de Rodríguez de Viguri, praza da Paz, avenida de Castelao, rúa de Vista Alegre, rúa das Salvadas, rúa das Galeras, rúa da Poza de Bar, rúa e estrada de San Lourenzo, avenida do Mestre Mateo e avenida de Romero Donallo.

Os vehículos procedentes da estrada CL-261 Santiago de Compostela-O Rodiño sairán desde a rúa de Curros Enríquez ata a rotonda da avenida de Lugo pola rúa de Bernardo Barreiro de V.V.

2.- Prohíbese adicionalmente a circulación de vehículos cun peso máximo autorizado superior a 3.500 quilogramos polo interior dos recintos que cinguen as seguintes rúas:

a) Rúa da Senra, praza de Galicia, Fonte de Santo Antonio, tránsito da Mercé, Ensinanza, Virxe da Cerca, Porta do Camiño, Rodas, San Roque, Hospitaliño, Xasmíns (primeiro tramo), Costa Nova (primeiro tramo), avenida de Xoán XXIII, costa de San Francisco, Entrerríos, Galeras, Pombal, San Clemente (último tramo) e Campo da Estrela.

b) Rúa de San Pedro, da Angustia, do Rosario e costa de San Domingos.

3.- Os vehículos de servicio da praza de abastos poderán facer o seguinte percorrido nos días de mercado: Ensinanza, travesa da Universidade, praza da Universidade, praza de Mazarelos e Virxe da Cerca.

4.- De acordo co que sinala o primeiro parágrafo deste artigo, polo circuíto descrito no punto 1 e polas vías que conectan este co circuíto descrito no punto 2, poderán circular aqueles vehículos cun PMA que non exceda de 8.500 quilos..

Non obstante, en horario de 4.30 a 7.30 horas e para realizar tarefas de carga e descarga permitirase a circulación polas rúas da citada área, agás polas recollidas no apartado 2, ós vehículos destinados ó transporte de mercadorías cun PMA. que non excedan dos 12.000 quilos.

5.- De ser preciso que estes vehículos accedan ó interior dalgún dos recintos citados, os seus titulares débeno solicitar por escrito, de luns a venres en horario de oficina, ó departamento de Tráfico que sinalará a hora, o día e o percorrido.

6.- Os camións en tránsito e os vehículos de transporte regular non urbano deberán empregar preferentemente a autopista, o periférico ou, de non ser posible, a circunvalación formada polas rúas do Mestre Mateo, Romero Donallo, Hórreo, avenida de Lugo, avenida de Rodríguez Viguri e avenida de Castelao.

7.- As anteriores prohibicións non atinxen ós vehículos de bombeiros, do servicio municipal de recollida do lixo, de transporte urbano e de servicio público con autorización expresa expedida polo departamento municipal de Tráfico.

**Artigo 22.- Vías de atención preferente ou de moi densa circulación.**

Son as rúas que por mor da súa importancia e da gran densidade de circulación, en relación coas súas características físicas, fan necesario priorizar especialmente o seu carácter de vías de comunicación en detrimento da súa utilización para estacionar, obrigando a prestar unha atención

preferente e a establecer un réxime estricto de vixilancia e control de cara a evitar calquera obstrucción da circulación ou entorpecemento do réxime de parada e estacionamento.

Neste apartado están comprendidas as seguintes rúas:

- Amor Ruibal, rúa de
- Angustia, rúa da
- Basquiños, rúa dos
- Burgas, avenida das
- Burgo das Nacións, avenida do
- Camiño Francés, avenida do
- Campo da Angustia, rúa do
- Campo da Estrela, rúa do
- Compostela, avenida de
- Carretas, rúa das
- Castelao, avenida de
- Castrón Douro, rúa do
- Ciencias, avenida das
- Concheiros, rúa dos
- Coruña, avenida da
- Curros Enríquez, rúa de
- Choupana, rúa da
- Doctor Teixeiro, rúa do
- Estrada, rúa da
- Fernando III o Santo, rúa de
- Fonte dos Concheiros, rúa da
- Frei Rosendo Salvado, rúa de
- Galeras, rúa das
- Galicia, praza de
- García Prieto, rúa de
- Gómez Ulla, rúa de
- Home Santo de Bonaval, rúa do
- Hórreo, rúa do
- Hortas, rúa das

- Jenaro de la Fuente, rúa de
- Lope de Gómez de Marzoa, rúa de
- Lugo, avenida de
- Mestre Mateo, avenida do
- Montero Ríos, rúa de
- Nova de Abaixo, rúa
- Patio de Madres, rúa do
- Paz, praza da
- Picaños, rúa de
- Pombal, rúa do
- Porta do Camiño, rúa da
- Poza de Bar, rúa da
- Ramón Cabanillas, rúa de
- República de El Salvador, rúa da
- Rodríguez de Viguri, avenida de
- Romero Donallo, rúa de
- Rosa, rúa da
- Rosalía de Castro, avenida de
- Rosario, rúa do
- Roxa, praza
- Salvadas, rúa das
- San Caetano, rúa de
- San Clemente, rúa de
- San Lázaro, rúa de
- San Lourenzo, estrada e rúa de
- San Pedro de Mezonzo, rúa de
- San Pedro, rúa de
- San Roque, rúa de
- Santiago de Chile, rúa de
- Santiago del Estero, rúa de
- Santiago León de Caracas, rúa de
- Sar, rúa de

- Senra, rúa da
- Trindade, rúa da
- Valiño, rúa do
- Vigo, praza de
- Virxe da Cerca, rúa da
- Vista Alegre, rúa de
- Xeral Pardiñas, rúa do
- Xoán XXIII, avenida de

Estas rúas serán dotadas de amplas zonas de carga e descarga e paradas de transporte público situadas, sempre que sexa posible, fóra dos carrís de circulación.

As infraccións cometidas nestas rúas, dadas as súas especiais características, terán unha consideración especialmente estricta.

**Artigo. 23.-**

1.- Sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente recoñece a Alcaldía**,** tanto a clasificación das vías urbanas como das rúas que se inclúen en cada un dos grupos e os diferentes horarios a que se refiren os artigos 17, 18, 19, 20, 21 e 22, nos seus distintos epígrafes, poderán ser modificadas por decisión da Comisión de Goberno. Caso de urxencia poderase facer por medio dun bando ou resolución da Alcaldía, dando conta posteriormente a Comisión de Goberno e ó Pleno da Corporación.

2.- Cando as razóns de seguridade ou fluidez do tráfico así o esixan, o departamento de Tráfico ou a Policía Local poderán adoptar, con carácter transitorio, as seguintes medidas:

- Establecemento doutro sentido de circulación.
- Prohibición total ou parcial do acceso a partes da vía, ben con carácter xeral ou para determinados vehículos ou usuarios.
- Obrigatoriedade de seguir itinerarios concretos.
- Utilización de beiravías ou carrís en sentido oposto ó normalmente previsto.
- Restriccións ou limitacións a determinados vehículos e para vías concretas, de cumprimento obrigatorio para os usuarios afectados.

## CAPÍTULO IV.- CIRCULACIÓN

### Artigo 24. Velocidade

1.- A velocidade máxima fíxase con carácter xeral e todo conductor está obrigado a respectar os limites establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e, en xeral, cantas circunstancias concorran en cada momento, co fin de adaptar a elas a velocidade do vehículo e de maneira que sempre poida detelo dentro dos límites do seu campo de visión ante calquera obstáculo.

**2.- Casco urbano**

A velocidade máxima a que poden circular os vehículos dentro da cidade é de 50 quilómetros por hora, agás nas zonas peonís que será de 20 quilómetros hora, e nas vías sinalizadas con limitación especifica, que será a que figure nos correspondentes sinais. Nas vías comprendidas na rede arterial a velocidade máxima será tamén de 50 quilómetros hora dentro do casco urbano e fóra del serán os órganos competentes das administracións titulares os que determinen a velocidade máxima.

**3.- Extrarradio**

Nas vías públicas municipais fóra do núcleo urbano, a velocidade máxima para todos os vehículos é de 60 quilómetros á hora.

Estas velocidades poderán ser limitadas por baixo dos valores anteriores cando así o aconsellen circunstancias de seguridade mediante sinalización regulamentaria.

**Artigo 25.- Peóns.**

1.- Os peóns transitarán polas beirarrúas, paseos e andéns a eles destinados. Excepcionalmente poderán circular pola calzada, sempre que adopten as debidas precaucións e non produzan perturbación grave na circulación, nos supostos seguintes:

a) Cando leven obxectos voluminosos que poidan constituír, se circulan pola beirarrúa, un estorbo de importancia para os demais peóns.

b) Os grupos de peóns dirixidos por unha persoa ou que formen un cortexo.

c) Os inválidos que se despracen nunha cadeira de rodas.

2.- Os que utilicen monopatíns, patíns ou aparatos similares non poderán circular pola calzada, salvo que se trate de zonas, vías ou partes das mesmas que estean especialmente destinadas a eles e só poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas ou polas rúas residenciais debidamente sinalizadas. En ningún caso se permite que sexan arrastrados por outros vehículos.

3.- En ningún caso os vehículos poderán circular polas beirarrúas nin polas demais zonas peonís, agás no suposto de usos compartidos con bicicletas que estean debidamente sinalizados.

4.- Cando non existan zonas para destinalas ós peóns circularán pola esquerda da calzada, con prudencia, sen entorpecer innecesariamente a circulación, polo lugar máis afastado do seu centro e marchando uns detrás doutros salvo en caso de que formen un cortexo ou cando se trate de impedidos que se despracen en cadeira de rodas, que deberán circular pola dereita e obedecer os sinais dirixidos ós conductores de vehículos no que lles sexan aplicables.

5.- En zonas onde existen pasos para peóns, os que se dispoñan a atravesar a calzada deberán facelo precisamente por eles, sen cruzar polas proximidades. Cando os pasos sexan a nivel observaranse, ademais, as regras seguintes:

a) Nos pasos regulados por semáforos deberán obedecer as indicacións das luces, non penetrando no paso ata que o sinal dirixida a eles llo autorice.

b) Nos pasos regulados por axentes deberán, en todo caso, obedecer as súas indicacións.

c) Nos restantes pasos para peóns sinalizados mediante a correspondente marca vial, aínda con preferencia, só deben penetrar na calzada cando a distancia e a velocidade dos vehículos que se aproximen permitan facelo con seguridade.

6.- Cando non exista paso para peóns sinalizado nun radio de acción de 50 metros, o cruce efectuarase polas esquinas e en dirección perpendicular ó eixe da vía. Antes de iniciarse o cruce deberán asegurarse de que poden facelo sen risco e sen entorpecer indebidamente.

**Artigo 26.- Animais.**

1. Prohíbese a circulación de animais de tiro, carga ou sela, cabezas de gando illadas ou en rabaño, en todo o casco urbano, agás autorización puntual por razóns turísticas, relixiosas ou culturais.

2. Igualmente prohíbese a circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbanas sen autorización municipal previa.

3. No referente ós demais usos e comportamento de animais na vía pública estarase ó establecido na ordenanza correspondente.

**Artigo 27.- Bicicletas**

1. Os conductores de bicicletas axustarase ás mesmas normas que regulan a circulación dos demais vehículos. O ciclista só terá a consideración de peón cando circule a pé.

2. Nos espacios de uso compartido por peóns e bicicletas, a velocidade destas deberá axustarse á dos peóns, que sempre terán prioridade en caso de conflicto.

3. Cando exista unha vía de uso exclusivo para bicicletas deberá estar expresamente sinalizada. Nestas vías as bicicletas terán prioridade sobre os peóns e sobre os demais vehículos, debendo utilizala obrigatoriamente sen invadir o resto da calzada.

4. En horario nocturno, só poderán circular por vías iluminadas, con luces de posición e con algún elemento reflectinte na bicicleta ou na indumentaria do ciclista.

**Artigo 28.- Vehículos en servicios de urxencia.**

1.- Terán prioridade de paso sobre os demais vehículos e outros usuarios da vía, os vehículos de servicio de urxencia, públicos ou privados, cando se atopen en servicio de tal carácter, procedendo, neste caso, que utilicen os sinais ópticos ou acústicos para que o resto dos usuarios da vía recoñezan tal circunstancia.

Poderán circular por encima dos límites de velocidade establecidos e estarán exentos de cumprir outras normas ou sinais, agás as dos axentes. Deben garantir, en todo caso, a seguridade dos usuarios da vía baixo a súa exclusiva responsabilidade.

2.- En circunstancias especiais en que non se poida recorrer a outros medios, o conductor dun vehículo non prioritario poderá realizar os servicios de urxencia sempre que advirta ós demais usuarios da vía a especial situación, utilizando para iso o avisador acústico en forma intermitente e conectando a luz de urxencia, se dispuxese dela, ou movendo un pano ou procedemento similar.

En calquera momento, os axentes da autoridade poderán esixir a xustificación de tal servicio e deberán denunciar as infraccións detectadas.

**Artigo 29. Supostos especiais do sentido da circulación.**

1.- Cando as razóns de seguridade ou fluidez da circulación o aconsellen, a autoridade municipal poderá ordenar outro sentido de circulación; prohibir total ou parcialmente o acceso a partes da vía, con carácter xeral ou para determinados vehículos ou usuarios; pechar determinadas vías; dispor o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos; ou autorizar a circulación por beiravías ou carrís en sentido oposto ó normalmente previsto.

2.- Para non entorpecer a circulación e garantir a súa fluidez, poderanse impoñer restriccións ou limitacións a determinados vehículos ou para vías concretas, que serán obrigatorias para os usuarios afectados.

**CAPÍTULO V: PARADA E ESTACIONAMENTO**

**Artigo 30.- Normas xerais de paradas e estacionamentos.**

1.- Para os efectos da presente ordenanza entendese por:

a) **Detención**, a inmobilización dun vehículo por emerxencia, necesidades da circulación ou cumprimento dalgún precepto regulamentario.

b) **Parada**, toda inmobilización dun vehículo por un tempo inferior a dous minutos para subir ou baixar persoas ou cargar ou descargar obxectos.

c) **Estacionamento,** a inmobilización dun vehículo que non se encontra en situación de detención ou parada.

**Artigo 31.-Parada**

1. Enténdese por parada toda detención dun vehículo con obxecto de tomar ou deixar persoas ou de cargar ou descargar mercancías durante un tempo que non exceda de dous minutos e sen que o conductor abandone o vehículo. Non se considerará parada a detención accidental e momentánea por necesidade da circulación.

2. A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía coidando especialmente a colocación do mesmo.

En todo caso, a parada terá que facerse achegando o coche á beirarrúa da dereita segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación tamén se poderá facer á esquerda. Os pasaxeiros terán que baixar polo lado correspondente á beirarrúa. O conductor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que o pode facer sen ningún tipo de perigo.

3.- En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde menos dificultades se ocasionen á circulación. Nas rúas con chafrán, farase xustamente no chafrán, sen sobresaír da aliñación dos bordos. Exceptúanse os casos en que os pasaxeiros sexan enfermos ou impedidos, ou se trate de servicios públicos de urxencia ou de camións do servicio de limpeza ou recollida de lixo.

Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa deixarase unha distancia mínima dun metro desde a fachada máis próxima.

4.- Os auto-taxis e vehículos de gran turismo pararán na forma e lugares que se delimiten e, de non os haber, con suxeición estricta ás normas que con carácter xeral se establecen na presente Ordenanza para as paradas.

5.- Os autobuses tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e tomar viaxeiros nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola autoridade municipal.

6.- A autoridade municipal poderá requirir ós titulares de centros docentes con servicio de transporte escolar para que propoñan itinerarios para a recollida dos alumnos. Unha vez aprobados, a dita autoridade poderá fixar paradas dentro de cada ruta quedando prohibida a recollida de alumnos fóra delas.

**Artigo 32.- Prohibición de parada.**

Prohíbense as paradas nos casos e lugares seguintes:

1.- Nos lugares prohibidos que estean sinalizados regulamentariamente.

2.- Cando produzan obstrucción ou perturbación grave na circulación de vehículos ou peóns.

3.- En dobre fila.

4.- Sobre os refuxios, illas, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.

5.- Cando se obstaculice a utilización normal dunha entrada ou saída de vehículos e persoas. Así como cando o vao teña o correspondente sinal.

6.- Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ó paso de peóns.

7.- En interseccións e as súas proximidades, agás que a parada se poida realizar en chafráns ou fóra destes sen constituír obstáculo ou causar perigo para a circulación.

8.- Nas pontes, pasos a nivel, túneles e debaixo dos pasos elevados, agás sinalización en contra.

9.- Nos lugares onde a detención impida a visión de sinais de tráfico ós conductores a que estas vaian dirixidas.

10.- Na proximidade de curvas ou cambios de rasante cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos poidan rebasar sen perigo ó que estea detido.

11.- Nas paradas debidamente sinalizadas para vehículos de servicio público, organismos oficiais e servicios de urxencia.

12.- Nos carrís reservados á circulación ou ó servicio de determinados usuarios como autobuses de transporte público de pasaxeiros ou taxis.

13.- Nos rebaixes da beirarrúa para o paso de diminuídos físicos.

14.- Nos pasos ou carrís reservados exclusivamente para o uso de ciclistas.

15.- Nas vías públicas declaradas de atención preferente por bando da Alcaldía, agás que a parada se poida realizar nos chafráns.

**Artigo 33.- Estacionamentos.**

1- Enténdese por estacionamento toda inmobilización dun vehículo cando non se encontre en situación de detención ou parada, sempre que non estea motivada por imperativo da circulación ou polo cumprimento de calquera requisito regulamentario.

2.- O estacionamento deberá efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía coidando especialmente a colocación do mesmo e evitando que poida poñerse en movemento en ausencia do conductor. Para tal obxecto, os conductores terán que tomar as precaucións axeitadas e suficientes e serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do

vehículo ó poñerse en marcha espontaneamente ou pola acción de terceiros, agás que neste último caso existira violencia manifesta.

3.- O estacionamento efectuarase de xeito que permita ós demais usuarios a mellor utilización do restante espacio libre.

4.- Como norma xeral o estacionamento farase sempre en fila. A excepción a esta norma terase que sinalizar expresamente.

Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.

5.- Nas vías de dobre sentido de circulación, estacionarase, cando non estea prohibido, no lado dereito do sentido da marcha.

Nas vías dun único sentido de circulación e sempre que non exista sinal en contra poderase estacionar nos dous lados da calzada sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior a tres metros.

6.- Os conductores, deberán estacionar os vehículos tan preto do bordo como sexa posible, deixando un espacio non superior a 20 centímetros entre a beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo para poder permitir a limpeza desta parte da calzada.

7.- Non se poderán estacionar nas vías públicas os remolques separados do vehículo motor, nin os vehículos de trasporte de mercadorías ou viaxeiros, salvo nos espacios establecidos e sinalizados para esta finalidade.

8.- A autoridade municipal poderá fixar zonas na vía pública para estacionamento ou para utilización como paradas en liña de autobuses tanto de servicio urbano como interurbano.

**Artigo 34.-**

1.- Non se poden estacionar vehículos agás os dedicados ó abastecemento das áreas comerciais entre as 7.00 e as 10.30 horas e por un período máximo de 30 minutos nas rúas e prazas que seguen: cantón do Toural, praza do Toural, rúa do Vilar, praza das Praterías, rúa da Porta da Faxeira, rúa do Franco, do Preguntoiro, de Xelmírez, da Algalia de Abaixo, da Algalia de Arriba, da Fonte de San Miguel, praza e rúa de San Miguel dos Agros, rúa de Santa Cristina, da Atalaia, de San Martiño Pinario, da Troia, de Xerusalén (segundo tramo), da Acibechería, praza de Cervantes, rúa de Altamira, de San Fiz de Solovio, da Conga, rúa e travesa de Fonseca, praza da Inmaculada, rúa de Feixó, das Orfas, de Abril Ares, das Campás de San Xoán, da Algalia de Arriba, de Salvador Parga e Costa Vella.

2.-O estacionamento de vehículos no interior da cidade está limitado en canto a tempo nas zonas e coas condicións establecidas na ORA e nesta Ordenanza

**Artigo 35.-**

O Concello establece as medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, a protección do patrimonio histórico, no seu caso, así como de outros usuarios da vía pública.

1.- Os estacionamentos regulados e con horario limitado, que coexistirán cos de libre utilización, suxeitaranse ás determinacións seguintes:

a) Será necesario obter un comprobante horario ou unha tarxeta de residencia autorizada, coa forma e as características que fixe esta administración.

b) O conductor do vehículo estará obrigado a colocar o comprobante nun lugar na parte interna do parabrisas, que sexa totalmente visible desde o exterior.

2.- Queda eliminado o aparcamento de vehículos nas rúas incluídas dentro do perímetro peonil, agás os residentes, que poderán acceder á zona entre as 20.30 e as 8.30 en días laborables, nos meses de setembro a maio, e entre 21.30 e 8.30, nos meses de xuño, xullo e agosto, e ata as 10.30 horas en festivos. Os residentes poderán aparcar o seu vehículo nunha das zonas sinaladas para facelo nas seguintes rúas e prazas: praza de San Miguel dos Agros, praza da Inmaculada, de Salvador Parga, de Cervantes, rúa Travesa, rúa de Entremuros, avenida de Raxoi e Algalia de Abaixo.

3.- Para os efectos deste artigo, os residentes na zona peonil deberán solicitar no departamento de Tráfico a oportuna tarxeta, na que se lles sinalarán os puntos de entrada e saída. Poderán obter a acreditación de residentes permanentes as persoas físicas que reúnan os requisitos que a continuación se sinalan:

a) Que o seu domicilio segundo o padrón municipal de habitantes estea dentro da zona peonil.

b) Que acrediten a titularidade do vehículo mediante permiso de circulación e o DNI, dos que deberá presentar orixinal ou copia compulsada e entregar fotocopia.

c) Que acrediten estar ó corrente do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica no Concello de Santiago.

d) Non ter pendentes de pagamento multas de tráfico por resolución firme deste Concello.

4.- As persoas que por razóns de enfermidade ou minusvalía e outros cidadáns que con motivos xustificados precisen acceder a esta zona fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas, deberán solicitalo no departamento de Tráfico do Concello, que, tras as

comprobacións oportunas, poderá autorizalo coas condicións que se sinalen na correspondente tarxeta acreditativa.

**Artigo 36**.- Constituirán infraccións específicas do estacionamento limitado:

a) Estacionar nos lugares habilitados pola autoridade municipal con limitación horaria sen colocar perfectamente visible o distintivo válido que o autoriza.

b) Cando, colocado o distintivo, se manteña estacionado o vehículo máis tempo do permitido polo propio distintivo ou pola Ordenanza Municipal.

**Artigo 37**.-

Queda prohibido o estacionamento nos casos e lugares seguintes:

1.- Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.

2.- Onde estea prohibida a parada.

3.- Nun mesmo lugar da vía pública durante máis de 48 horas consecutivas. Para estes expresados só se computarán os días hábiles.

4.- En dobre fila en calquera suposto.

5.- Nas zonas sinalizadas como reservadas para carga e descarga de mercadorías.

6.- Nas zonas reservadas para o estacionamento de vehículos de servicio público, organismos oficiais, delegacións diplomáticas, servicios de urxencias ou policía e nas zonas de seguridade.

7.- Diante dos accesos a edificios destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración dos mesmos xa que con isto diminúense as facilidades para a saída masiva de persoas en caso de emerxencia.

8.- Cando a distancia entre o vehículo estacionado e o bordo oposto da beirarrúa, calzada ou marca lonxitudinal sobre a mesma, deixe para a circulación rodada unha anchura libre inferior á dun carril de 3 metros.

9.- Nas rúas de dobre sentido de circulación cunha anchura da calzada que só permita o paso de dúas columnas de vehículos.

10.- Cando se obstaculice a utilización normal do paso a inmobles por vehículos ou persoas.

11.- Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para diminuídos físicos.

12.- En condicións que dificulten a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.

13.- Diante dos vaos correctamente sinalizados, total ou parcialmente.

14.- Nos carrís reservados á circulación de determinadas categorías de vehículos.

15.- Nos lugares reservados exclusivamente para parada de vehículos

16.- Nos lugares sinalizados temporalmente por obras, actos públicos ou manifestacións deportivas.

17.- Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria, sen colocar o distintivo válido que o autoriza.

18.- Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria cando, colocando o distintivo que o autoriza, se manteña estacionado o vehículo excedendo do tempo máximo permitido pola ordenanza reguladora desta clase de aparcamentos.

19.- Diante dos lugares reservados para colectores do servicio municipal de limpeza.

20.- Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ó paso de peóns.

21.- En zonas sinalizadas para uso exclusivo de minusválidos.

22.- A autobuses, autocaravanas, remolques, tractores, vehículos especiais e ós camións cun PMA superior a 3.500 quilogramos, en todo o casco urbano, salvo nos lugares habilitados para facelo, así como furgóns e demais vehículos voluminosos que, sen prexuízo do seu PMA, oculten fachadas de edificios ou faciliten o acceso ó seu interior.

**Artigo 38.- Estacionamento de autobuses de liñas discrecionais e regulares e transporte escolar.**

Permítese unicamente nos espacios reservados para este uso, dentro do recinto da Estación de Autobuses e nos espacios específicos que se habiliten, debidamente sinalizados.

Prohíbese o aparcamento de camións e ómnibus en toda a cidade non sendo nos lugares en que estea expresamente autorizado coa sinalización regulamentaria.

**Artigo 39.- Estacionamento de vehículos para carga e descarga de mercadorías.**

"A autoridade municipal establecerá e sinalizará zonas para a realización das operacións de carga e descarga distinguindo por unha parte o réxime especial da zona monumental (cuxo ámbito está abarcado pola delimitación feita polo artigo 19-2) e por outra do resto da cidade. O horario será regulado mediante resolución da Xunta de Goberno Local."

## CAPITULO VI: CARGA E DESCARGA.

**Artigo 40.- Normas para os labores de carga e descarga.**

Os labores de carga e descarga rexeranse polas seguintes normas:

1.- Con carácter xeral, quedan terminantemente prohibidos os labores de carga e descarga fóra deste horario e das zonas habilitadas para o efecto.

2.- Non están suxeitos á limitación horaria anterior os vehículos cun PMA inferior a 2.500 quilogramos., que non excedan de 2 metros de anchura e 5 de lonxitude, se ben cando actúen fóra do horario previsto deberán facelo con total respecto ás normas de tráfico, a tal efecto poderanse establecer zonas especificas especializadas.

3.- Na realización das operacións de carga e descarga observaranse as prescricións seguintes:

a) Poderán facer uso dos espacios reservados os vehículos autorizados, exclusivamente mentres duren as operacións de carga e descarga e por un tempo que non poderá exceder de 30 minutos.

b) As operación de carga e descarga realizaranse nas zonas reservadas para tal efecto, agás nos casos en que a distancia co espacio reservado máis próximo non exceda máis de 75 metros na mesma beirarrúa ou de 50 na outra.

c) Cando por non existir espacio reservado sexa necesario realizar estes labores noutros, faranse respectando as regras de tráfico.

4.- Os vehículos que pola súa natureza ou pola da súa carga non se poidan axustar ó contido deste epígrafe deberán facer unha solicitude razoada, para cada caso, ó departamento de Tráfico, que poderá autorizar o seu acceso, fixando día, hora e percorrido.

5.- Aqueles vehículos que na realización de tarefas de carga e descarga superen o tempo máximo autorizado de 30 minutos, poderán ser inmobilizados ou retirados polos axentes da autoridade mediante o emprego de elementos mecánicos idóneos.

6.- Os labores de carga e descarga realizaranse en vehículos dedicados ó transporte de mercadorías, ou naqueles que estean debidamente autorizados para facelo dentro das zonas reservadas e durante o horario establecido e reflectido nas sinalizacións correspondentes.

7.- A carga e descarga de mercadorías realizarase:

a).- Preferentemente no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e cando as características de acceso das vías o permita.

b).- En zonas reservadas para este fin, dentro do horario reflectido na sinalización correspondente.

c).- Unicamente se permitirá a carga e descarga fóra das zonas reservadas, nos días, horas e lugares que se autoricen especialmente.

8.- A Alcaldía poderá dictar disposicións que versen sobre as seguintes materias:

- Sinalización de zonas reservadas para a carga e descarga, nas que será de aplicación o réxime especial dos estacionamentos regulados e con horario limitado.
- Delimitación das zonas de carga e descarga.
- Delimitación do peso e dimensións dos vehículos para determinadas vías da cidade.
- Horario permitido para realizar as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia nas diferentes vías e barrios da cidade.
- Servicios especiais para realizar operacións de carga e descarga, con expresión de días, horas e lugares.

Autorizacións especiais para:

- Camións de 12 toneladas ou máis.
- Vehículos que transporten mercadorías perigosas.
- Outras.

9.- Os camións de transporte superior a 12 toneladas poderán descargar exclusivamente en:

a).- Intercambiadores de mercadorías ou lugares autorizados polo Concello.

b).- No interior de locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e utilizando traxectos previamente autorizados.

c).- En casos específicos en que a operación de carga e descarga non poida acollerse ó anterior poderá outorgarse unha autorización especial.

10.- As mercadorías ou materiais que sexan obxecto de carga e descarga non poderán deixarse na vía pública senón que se trasladarán directamente do inmoble ó vehículo ou viceversa, agás en casos excepcionais que deberán ser expresamente autorizados e contar coa preceptiva licencia para a ocupación da vía pública. Atendendo en todo caso ás condicións que determina a Ordenanza de regulación e balizamento de obras que se realizan na vía pública.

11.- As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios,e coa obriga de deixar limpa a vía pública.

12.- As mercancías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios e persoal suficiente para axilizar a operación e procurando non dificultar a circulación tanto de peóns como de vehículos.

En caso de existir perigo para os peóns, mentres se realice a carga e descarga o vehículo deberá sinalizarse debidamente.

13.- Nas zonas habilitadas para carga e descarga non poderán permanecer estacionados vehículos non autorizados ou que non estean realizando a dita actividade.

14.- As operacións deberán efectuarse con persoal suficiente para rematalas o máis rapidamente posible. O límite de tempo autorizado para cada operación é, con carácter xeral, de 30 minutos. Excepcionalmente e para unha operación concreta, poderase autorizar un período maior de tempo logo da solicitude debidamente xustificada.

15.- Para facilitar o control do tempo máximo na realización de cada operación de carga e descarga poderá establecerse como obrigatoria a exhibición da hora de inicio da operación, que se colocará no parabrisas do vehículo, de tal maneira que quede totalmente visible de acordo coas instruccións que, de ser o caso, dicte a Alcaldía.

Para estes efectos, o Concello poderá instalar máquinas expendedoras de billetes coa hora de inicio do aparcamento para carga e descarga ou establecer outro sistema de control, considerado máis axeitado.

Transcorrido o tempo autorizado, non poderá encontrarse estacionado na zona de carga e descarga ningún vehículo pechado sen conductor que non realice as operacións propias do aparcamento. Neste caso e para todos os efectos considerarase como non autorizado, podendo incluso ser retirado ou inmobilizado, con independencia da sanción que corresponda.

**Artigo 41.- Carga e descarga de formigón e material de obras.**

1.- Os labores de carga e descarga de materiais de obra e formigón rexeranse polas seguintes normas:

a)- As operacións deberanse realizar no interior do recinto das mesmas.

b) No caso de non ser posible, o titular da licencia de obra deberá solicitar a correspondente reserva de estacionamento e o permiso para ocupar a vía pública.

c) Os conductores dos camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de lama antes de acceder a vía pública, así como de que a citada vía quede limpa.

2.- Requirirán autorización específica:

a) Operacións realizadas fóra do horario de carga e descarga.

b) Cando polas características da zona se entorpeza a circulación ou o vehículo non estea autorizado a circular.

**Artigo 42.- Carga de combustible**

A carga de carburantes e combustibles farase nas instalacións establecidas para tal obxecto con suxeición ó Regulamento nacional de transporte de materias perigosas por estrada (Real decreto 74/1992 do 31 de xaneiro)".

A subministración de combustible para uso de edificios da cidade deberase facer no horario determinado polo departamento de Tráfico, reservando o lugar axeitado na vía pública para o estacionamento do vehículo cunha antelación máxima de dúas horas e poñendo valos portátiles con carteis coa lenda "Descarga de combustible", que retirará a propiedade do edificio trala descarga.

## CAPÍTULO VII.-TRANSPORTE DE VIAXEIROS

### Artigo 43.- Transporte urbano.

1.- A planificación, xestión e control deste servicio é competencia exclusiva do Concello de Santiago, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 de bases do réxime local, 80 e 81 da Lei de administración local de Galicia e demais lexislación estatal e autonómica.

2.- Constituirá servicio público o transporte colectivo urbano de viaxeiros na cidade de Santiago, ó que terán dereito todos os cidadáns nas condicións que se determinan, xestionado directamente ou a través de calquera dos sistemas previstos na lexislación vixente.

3.- O Concello establecerá e aprobará, sen prexuízo da aprobación definitiva polo órgano competente, de ser o caso, as tarifas, itinerarios, frecuencias e paradas do transporte urbano.

4.- O Concello poderá autorizar ou concertar servicios particulares con empresas de transporte discrecional ou regular que se axusten ás determinacións que se establezan para a prestación do servicio público, fixándose na autorización que se conceda as condicións do servicio.

5.- O transporte de viaxeiros dentro do casco urbano será realizado por autobuses do servicio municipal ou da empresa concesionaria, contratada, ou encargada mediante convenio ou concerto. Os lugares de parada destes vehículos serán fixados pola Corporación Municipal e sinalizados con pintura no pavimento ou sinal vertical con indicación da liña, percorrido e parada. Estas paradas, que poderán suprimirse ou modificarse en razón do interese público e non darán lugar a recoñecemento de ningún dereito subxectivo, serán utilizadas exclusivamente polos vehículos de transporte urbano, transporte escolar autorizado ou por vehículos con autorización especifica.

### Artigo 44.- Transporte interurbano colectivo de viaxeiros.

1.- O outorgamento das concesións e licencias para o transporte interurbano colectivo de viaxeiros é competencia da Dirección Xeral de Transportes da Comunidade Autónoma de Galicia, que establecerá os horarios, itinerarios e paradas fóra do casco urbano, tanto do transporte regular como do discrecional.

2.- As condicións dos vehículos, autorizacións dos transportistas, requisitos dos conductores, obrigas dos usuarios e empresas, etc., ateranse ó disposto na Lei de ordenación dos transportes terrestres, na Lei de coordinación dos servicios de transporte urbano e interurbano por estrada de Galicia, normas autonómicas e estatais complementarias.

3.- O Concello de Santiago establecerá no casco urbano os itinerarios e paradas das concesións e licencias existentes, salvagardando en todo momento o interese público e a calidade da circulación.

4.- O tránsito polas vías públicas urbanas someterase ás normas contidas nesta Ordenanza.

**Artigo 45.- Uso da Estación de Autobuses.**

1.- Establécese con carácter obrigatorio o uso da Estación de Autobuses como cabeceira e fin das liñas que presten os seus servicios entre a cidade de Santiago e outros municipios.

As empresas concesionarias deste transporte deberán empregar necesariamente a Estación de Autobuses en todos os seus servicios, agás nos exentos desta obriga de acordo co establecido na lexislación vixente ou no Regulamento de uso da Estación de Autobuses. Xa que logo, prohíbense as paradas dentro do casco urbano dos vehículos adscritos ás liñas regulares de transporte colectivo de viaxeiros do servicio interurbano. No caso de convenio ou acordo polo que a Corporación Municipal autorize o establecemento de paradas de liñas regulares ou discrecionais estas non darán lugar a ningún dereito subxectivo máis alá do prazo e nos estrictos termos fixados no propio acordo ou convenio, entendéndose expresamente suprimidas ó finalizar salvo prórroga expresa.

**Artigo 46.- Transporte público de viaxeiros de uso especial. Disposicións xerais.**

1.- Terá a consideración de transporte público de viaxeiros de uso especial o realizado por vehículos que sirvan exclusivamente a un grupo específico de usuarios, tales como escolares, traballadores dunha empresa ou grupos homoxéneos similares.

2.- Para a realización deste tipo de transporte, será necesario que os vehículos con que se leve a cabo estean amparados ademais pola concesión ou autorización especial para o transporte regular que en cada caso corresponda de acordo coas disposicións 1ª e 2ª do capítulo II, da Lei de ordenación dos transportes terrestres.

3.- Nos vehículos deberase levar a autorización municipal e a indicación do número máximo de persoas transportadas.

**Artigo 47.- Itinerarios**

Co obxecto de acceder á Estación de Autobuses establécense os seguintes itinerarios con indicación das paradas autorizadas nos mesmos:

Os itinerarios de entrada e saída a realizar polos diferentes vehículos de servicios públicos regulares e permanentes de transporte de viaxeiros quedan establecidos da seguinte forma:

1.- Estrada da Coruña (CN-550)

Estación de Autobuses- avenida de Rodríguez de Viguri, avenida do Camiño Francés, rúa do Cruceiro da Coruña, estrada da Coruña (CN-550).

2.- Estrada de Curtis (CN-634) e de Lugo (CN-547)

2.A..- Estación de Autobuses, avenida de Rodríguez de Viguri, avenida do Camiño Francés, enlace coa autoestrada A-9, periférico ou estrada correspondente.

2.B.- Estación de Autobuses, avenida de Rodríguez de Viguri, avenida de Lugo, avenida de Torrente Ballester (periférico), enlace coa autoestrada A-9 ou estrada correspondente.

3.-Estrada de Santiago ó Rodiño (CL-261)

- Saída:

Estación de Autobuses, avenida de Rodríguez de Viguri, avenida de Lugo, rúa de Bernardo Barreiro de V.V., rúa de Curros Enríquez, Sar de Fóra, ponte do Sar, rúa do Cruceiro de Sar e estrada de Santiago ó Rodiño (CL-261).

- Entrada:

Entrada de Santiago ó Rodiño (CL-261), rúa do Cruceiro do Sar, ponte do Ponte de Sar, Sar de Fóra, rúa de Curros Enríquez, rúa de Bernardo Barreiro de V.V., avenida de Lugo, avenida de Rodríguez de Viguri. Estación de Autobuses.

4.- Estradas de Ourense (CN-525) e da Estrada (CL-541)

4.A.- Entrada de Ourense: Estación de Autobuses, avenida de Rodríguez de Viguri, avenida de Lugo, rúa do Hórreo, rúa de Amor Ruibal, rúa do Restollal, rúa da Virxe de Fátima, estrada de Ourense (CN-525).

4. B.- Estrada da Estrada: Estación de Autobuses. Rodríguez de Viguri, avenida de Lugo, rúa do Hórreo, rúa de Amor Ruibal, rúa do Restollal, rúa do Castiñeiriño e estrada da Estrada (CL-541).

5.- Estrada de Pontevedra-Vigo (CN-550)

Estación de Autobuses, avenida de Rodríguez de Viguri, avenida de Lugo, rúa do Hórreo, avenida de Romero Donallo, rúa de Rosalía de Castro, estrada de Pontevedra-Vigo (CN-550).

6.- Estrada de Noia (CC-543)

Estación de Autobuses, avenida de Rodríguez de Viguri, avenida de Lugo, rúa do Hórreo, avenida de Romero Donallo, avenida do Mestre Mateo, estrada de Noia (CC-543).

7.- Estrada de Santa Comba-Carballo (CC-545)

Estación de Autobuses, avenida de Rodríguez de Viguri, rúa de San Caetano, avenida de Castelao, estrada CC-545 de Santa Comba-Carballo.

**Artigo 48.- Paradas**

As paradas serán as establecidas pola autoridade municipal. As empresas autorizadas poderán empregalas, sen efectuar nelas un estacionamento, co fin de subir ou baixar viaxeiros e sen efectuar carga ou descarga de vultos e mercadorías.

Prevense inicialmente os puntos dos itinerarios de acceso que se indican a seguir:

**P.3.- Na estrada do Rodiño (CL-261)**

Saída: Na rúa de Ponte do Sar á altura do número 66.

Entrada: No cruce das rúas da Ponte do Sar, do Cruceiro do Sar e Picaños, no punto onde se realiza a parada do autobús urbano.

**P.4.- Na estrada de Ourense (CN-525)**

Saída: No inicio da rúa de Amor Ruibal, na parada do autobús urbano existente, baixo a ponte do ferrocarril, aumentándoa á totalidade do lugar existente.

Entrada: Na rúa de Amor Ruibal á altura do número 19 na parada existente do autobús urbano, aumentándoa a 30 metros de lonxitude.

**P.5.- Na estrada de Pontevedra-Vigo (CN-550)**

Saída e Entrada: Na avenida de Rosalía de Castro á altura do número 156 e do Hotel Peregrino.

**P.6.- Na estrada de Noia (CC-543)**

Saída e Entrada: Marxe correspondente da avenida do Mestre Mateo, nas proximidades do cruce coa rúa de Ánxel Baltar.

**P.7.- Na estrada de Santa Comba-Carballo (CC-545)**

Saída e Entrada: Marxe correspondente da avenida de Castelao, nas proximidades do parque de San Xoán.

As paradas previstas no presente artigo poderán ser modificadas pola autoridade municipal mediante resolución da Alcaldía, atendendo ás necesidades de ordenación da circulación e do estacionamento ou á reordenación do transporte de viaxeiros.

O Concello poderá concertar ou asinar convenios coa administración competente ou, individualmente, coas empresas titulares das concesións a habilitación ou autorización de novas paradas para garantir unha mellor prestación do servicio.

**Artigo 49.- Normas específicas do transporte escolar**

1.- Para realizar o transporte escolar dentro do termo municipal será necesario que tanto os centros escolares como os transportistas conten coa debida autorización municipal, para o que, coa antelación que se estableza, deberán presentar no Concello as rotas, os horarios, e a documentación dos vehículos que se utilizan para prestar o dito servicio.
2.- Por razóns de tráfico ou de interese público en xeral, o Concello na autorización que se outorgue, e logo dos informes técnicos correspondentes poderá modificar os itinerarios e rotas propostas, tanto inicialmente como durante a vixencia do curso escolar.
3.- As empresas dedicadas ó transporte escolar en centros públicos ou privados dentro do casco urbano deberán utilizar, excepto autorización expresa en sentido contrario, as mesmas paradas e percorridos có transporte urbano de viaxeiros. O Concello, co fin de coordinar os percorridos, ordenar as paradas e facilitar a fluidez do tráfico, fixará en resolución razoada as condicións en que se deberá efectuar o transporte solicitado.
As empresas deberán velar polo cumprimento da normativa de carácter xeral sobre seguridade no transporte escolar.

## CAPÍTULO VII.- TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

### Artigo 50.- Mercadorías perigosas.

Terán a consideración de mercadorías perigosas, aquelas cun contido susceptible de inflamarse, explotar, producir corrosión ou calquera acción química que poida ocasionar deterioro da saúde das persoas ou danos ás cousas.

### Artigo 51.- Transporte de mercadorías perigosas.

O transporte de mercadorías perigosas someterase ó establecido no Real decreto 74/1992 que aproba o Regulamento nacional de transporte de mercadorías perigosas e ás regulamentacións de carácter xeral e autonómico, e efectuarase en vehículos habilitados para este fin, esixíndose que conten coas revisións técnicas que correspondan, que leven na carrozaría os paneis indicativos do material. Este transporte levarase a cabo de acordo coas seguintes condicións:
1.- O tránsito de mercadorías perigosas esixirá o correspondente permiso municipal, que deberá ser solicitarse cunha antelación mínima de 48 horas co obxecto de que a Policía Local poida tomar as medidas necesarias.
2.- Os vehículos que realicen subministracións de combustibles ou doutros materiais perigosos dentro do termo municipal deberán solicitar o preceptivo permiso municipal tamén cun mínimo de 48 horas de antelación. É facultade municipal autorizalo nas horas ou días que determine, así como sinalar as características dos vehículos e medidas de seguridade adicionais que deben tomarse.

**Artigo 52.- Itinerarios.**

1. O transporte de mercadorías perigosas en tránsito utilizará obrigatoriamente a autoestrada A 9. Os vehículos procedentes ou con destino á Estrada do Rodiño (Cl-261) e Noia (CC-543), en tanto non se inaugure o tramo A Rocha-Vidán e Santa Comba-Carballo (CC-545), accederán a ela a través do periférico, cando sexa posible, escollendo en cada caso o percorrido máis curto e afastado do centro urbano.

**Artigo 53.- Estacionamento.**

Estes vehículos que transportan mercadorías perigosas só poderán estacionar nas instalacións das empresas titulares ou contratantes do servicio, sempre que reúnan as condicións de seguridade legalmente admitidas.

**CAPÍTULO VIII.- DAS AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS**

**Artigo 54.- Normas xerais sobre autorizacións administrativas.**

1.- Co obxecto de garantir a aptitude dos conductores para manexar os vehículos e a súa idoneidade para circular co mínimo de risco posible, a circulación de vehículos a motor polas vías obxecto desta ordenanza queda sometida ó réxime de autorización administrativa previa.

2.- O conductor dun vehículo queda obrigado a estar en posesión e levar consigo un permiso ou licencia válidos para conducir, así como o permiso de circulación do vehículo e a tarxeta de inspección técnica ou o certificado de características e deberá exhibir ante os axentes da autoridade que llo soliciten.

3.- Para a execución de obras na vía pública estarase ó establecido nas vixentes normas de sinalización e balizamento das obras que se realizan na vía pública.

4.- A rodaxe de películas, documentais, etc., na vía pública requirirá a previa autorización expresa dos servicios municipais competentes que determinarán no permiso correspondente as condicións en que se poden efectuar en canto a duración, horario e elementos ou vehículos que poden utilizarse.

5.- Requirirán autorización previa dos servicios municipais competentes a realización nas vías urbanas de probas deportivas e os traslados funerarios. No permiso correspondente determinaranse as que, respecto a itinerarios, medidas de precaución etc., se consideren oportunas.

6.- Toda ocupación da vía pública que leve emparellada a limitación da circulación -como en caso de mudanzas, carga de combustible, colocación de colectores de obra, etc.- requirirá obter previamente a licencia ou autorización municipal.

7.- Con carácter xeral, toda actividade que implique ocupación da vía pública estará sometida a licencia ou autorización administrativa previa e preceptiva.

**Artigo 55.- Autoescolas**

Autorízanse as prácticas das autoescolas se ben, por razóns do tráfico, obras ou eventos especiais poderán suprimirse ou restrinxirse mediante bando ou disposición con carácter xeral, en determinadas franxas horarias, zonas ou vías, máis alá das limitacións xenéricas xa establecidas.

Como excepción ó exposto, nas vías declaradas como de moi densa circulación non poderán realizarse prácticas en días laborables durante o curso escolar -do 15 de setembro ó 15 de xuño- entre as 8.30 e as 10.00 horas, de 12.30 a 14.30 e entre as 19.00 e as 21.00 horas.

**Artigo 56.- Anulación, revogación e intervención de autorizacións.**

As autorizacións e permisos municipais referentes a materias relacionadas con esta ordenanza poderán ser revogados polo Concello mediando causa xusta ou incumprimento dos requisitos ou condicións para o seu outorgamento, de acordo co previsto nos títulos IV e VII da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 57.-**

No curso dos procedementos de declaración de nulidade, anulación e revogación das autorizacións administrativas poderá acordarse a suspensión cautelar ou intervención da autorización en cuestión cando o seu mantemento supoña perigo para a seguridade do tráfico ou prexudique notoriamente o interese público. Nese caso, a autoridade que coñeza o expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o efectivo exercicio da mesma.

**TÍTULO III.- DAS ACTIVIDADES E OCUPACIÓNS DA VÍA PÚBLICA**

**Sección 1ª: Normas Xerais.**

**Artigo 68- Ámbito de aplicación.**

**1**.- O ámbito de aplicación das presentes normas circunscríbese ó dominio público municipal.

**2.-** Constitúe obxecto desta Ordenanza a regulación dos usos da vía pública que comportan as distintas actividades, instalacións e ocupacións que como norma xeral poden exercitarse sobre a mesma.

**Artigo 69.- Principios xerais.**

Como norma ou principio xeral prohíbese a colocación de calquera obstáculo na vía pública que entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas.

Calquera instalación, ocupación ou actividade que se pretenda realizar no dominio público municipal requirirá necesariamente a obtención previa de autorización ou licencia municipal.

**Artigo 70.- Sinalización.**

Non se poderán colocar sinais de circulación, informativos ou publicitarios sen a previa autorización municipal.

Soamente se poderán autorizar os sinais de orientación ou informativos que a criterio da autoridade municipal teñan interese público.

O Concello retirará inmediatamente toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor.

**Artigo 71.-**

A ocupación do dominio público por causa de actividades, instalacións ou ocupacións requirirá, con carácter xeral, a previa obtención de licencia ou autorización tanto se incide na vía pública de titularidade municipal como naqueles casos de titularidade doutras administracións cando o municipio teña, cando menos, atribuídas competencias en materia de ordenación e regulación do tráfico. As licencias solicitaranse por pedimento do interesado mediante escrito presentado nos termos e polos medios legalmente admitidos e acompañado dos documentos que en cada caso determinan os artigos desta Ordenanza, dos bandos ou resolucións que poida dictar a alcaldía ou as ordenanzas fiscais correspondentes.

**Artigo 72.-**

As ocupacións do dominio público levadas a cabo nas inmediacións de monumentos históricos ou artísticos, nos lugares de afluencia masiva de peóns e vehículos e nos que poida existir algún risco ou perigo para o tráfico rodado ou peonil en xeral, autorizaranse ou denegaranse atendendo en cada caso ás circunstancias constatadas nos informes técnicos correspondentes que, en todo caso, terán en conta os pasos de peóns, accesos e saídas de locais de pública concorrencia, paradas de transporte público, reservas para carga e descarga, vaos e visibilidade dos sinais de tráfico, entre outros.

A autorización outorgada obriga ós seus titulares a manter en perfecto estado de salubridade e hixiene a zona autorizada, así como a repoñer o pavimento e os desperfectos ocasionados a consecuencia da ocupación ou actividade desenvolvida.

**Sección 2ª: ANDAMIOS**

**Artigo 73.- Andamios.**

**1.**- Enténdese por andamio todo armazón provisional levantado diante dunha fachada para facilitar a construcción, reparación ou pintura de muros e paredes.

**2**.- Poden existir as seguintes clases de andamios:

a) Andamios colgantes.

b) Pescante con cabalete para ancorar ó forxado ou con base de sustentación para contrapesos.

c) Andamios con diferentes tipos de sustentación sobre a vía pública.

**3.-** A instalación de andamios que supoñan utilización do dominio público requirirá en todos os supostos a previa obtención de licencia municipal que se solicitará ó Concello nos termos do artigo 70 da Lei 30/92 e pola causa, forma e requisitos que a continuación se detallan:

a) Causa e forma da solicitude:

1) O andamio como actuación complementaria a unha licencia de obras solicitarase, como norma xeral, conxuntamente con aquela.

2) Cando sexa necesaria a súa instalación por causa de procedementos contradictorios de ruína, ordes de execución ou outros actos xudiciais ou administrativos, solicitarase licencia amparada neles.

3) Igualmente poderase solicitar licencia para pintar fachadas de inmobles.

b) Documentación que pode xuntarse á solicitude:

1) Plano de planta da zona da vía que se proxecta ocupar coa instalación, con acoutamento de beirarrúa e da calzada (ancho e alto de andamio, distancia á fachada e ó bordo da beirarrúa, etc.) e con indicación do edificio sobre o que se sitúa.

2) Plano de alzado e sección definindo claramente en qué se vai afectar a vía pública, as medidas de seguridade aplicadas, o itinerario peonil protexido, a sinalización en xeral e do obstáculo na calzada, se é o caso, etc.

3) Memoria descritiva ou informe técnico da instalación: sistema de montaxe e fixación; ancoraxes; posibles danos ó pavimento, construccións baixo rasante, se as houbera; mobiliario urbano, parada de transporte público ou xardinería; elementos de cubrición en toda a superficie exterior vertical e plataformas ríxidas e resistentes para conter a caída de ferramentas ou materiais. Así mesmo constará o compromiso do director técnico da obra de asumir a supervisión da instalación..

4) Orzamento.

5) Certificado de que se axusta ós regulamentos de seguridade e hixiene no traballo, á Ordenanza de construcción e ás demais normas de obrigado cumprimento.

O conxunto de documentos que forman o proxecto a presentar deberá ser asinado polo técnico competente e visado polo Colexio Profesional correspondente.

6) Licencia de obras cando non se solicitara conxuntamente co acto administrativo ou xudicial que motive a instalación.

7) Manifestación do prazo estimado para a ocupación.

8) Ingresos previos en concepto de taxas ou prezos públicos, cando proceda.

c) Documentación que deberá presentarse unha vez rematada a montaxe do andamio:

1) Certificado final de seguridade e estabilidade da instalación, asinado polo técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, referido tanto á obra como ó que afecte á instalación, ós peóns e ás cousas. Este certificado deberá presentarse dentro do prazo dos 7 días seguintes ó remate da montaxe. Este requisito condiciona a eficacia da licencia concedida e impide, en consecuencia, a posta en uso do andamio mentres non se presente perante a administración e esta o acepte.

2.- Xustificante do depósito de fianza nos casos en que proceda a súa constitución.

**Artigo 74.-**

Tanto o proxecto do andamio como a súa instalación cumprirán as seguintes características:

1.- O itinerario peonil protexido deberá ter un ancho mínimo de 0,80 metros, agás en zonas de alta densidade de tráfico de viandantes en que se requirirá maior anchura.

2.- En caso de montar marquesiñas saíntes sobre a calzada deberán ter unha altura mínima de 4,50 metros.

3.- Se o andamio invade calzada ou queda a menos de 30 centímetros do remate da beirarrúa, deberá sinalizarse con barreiras de seguridade tipo bionda ou similares, debidamente balizadas.

4.- Todos os elementos estructurais, auxiliares ou de protección deberán ter a suficiente capacidade mecánica para resistir os esforzos a que poidan estar sometidos.

**Artigo 75.-**

Os titulares da autorización municipal para a instalación de andamios veñen obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

**1.-** Adoptar cantas medidas de seguridade e precaución sexan necesarias para salvagardar a integridade física das persoas e das cousas durante a realización dos traballos.

**2.-** Serán responsabilidade súa todos os danos materiais ou persoais que poidan ocasionarse como consecuencia do desenvolvemento da obra ou instalación.

**3.-**Deberá respectar os accesos á propiedade coa debida seguridade para os propietarios.

**Sección 3ª:Casetas e colectores por obras.**

A instalación de casetas e colectores para a recollida de entullos procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás condicións establecidas nos seguintes artigos:

**Artigo 76.-**

As casetas das obras situaranse, sempre que sexa posible, fóra da vía pública e estarán suxeitas a autorización ou licencia municipal.

**Artigo 77.-**

Os colectores ou colectores de entullos situaranse na vía pública, exclusivamente nas seguintes zonas:

a) Zonas de estacionamento e de carga e descarga autorizadas.

b) Beirarrúas de ancho maior de 3,5 m situándose xunto á beira co obxecto de deixar libre un paso mínimo de 1,5 m. Onde existan gabias para as árbores situaranse entre eles.

c) Nas restantes zonas onde non se limite a seguridade do tráfico rodado e peonil.

Os colectores non serán obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código da circulación.

**Artigo 78.-**

O interesado deberá sinalizar convenientemente e pola súa conta o colector, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código da circulación.

**Artigo 79.-**

A autoridade municipal poderá limitar o establecemento e permanencia de colectores e doutros recipientes en determinadas zonas ou horas, estando o seu titular obrigado a retiralos cando así se estableza. Con carácter xeral, retiraranse da vía pública os sábados e vésperas de festivos, antes das 10.00 horas, no primeiro caso, e das 20.00 , no segundo. Asemade, os colectores para obras serán retirados da vía pública:

1.- Ó rematar a concesión da licencia de obras.

2.- En canto estean cheos para proceder ó seu baleirado.

**Artigo 80.-**

En cada colector deberá figurar o nome da empresa propietaria -que ten que coa titular da autorización municipal-, teléfono e o número de colector.

**Artigo 81.-**

Para solicitar as autorizacións para instalar colectores deberase presentar:

- Fotocopia do carné de identidade.
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar.
- Plano de situación acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.
- Copia da licencia de obras en caso de que se vaian executar.

As autorizacións para instalar colectores poderán ser anuais. Para obter a súa renovación, o interesado deberá solicitala cunha antelación mínima de dous meses con respecto ó vencemento.

**Artigo 82.-**

Para responder dos danos que se puidesen ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza por unha contía que se fixará en cada caso. Sempre que non se dispoña outra cousa na ordenanza fiscal correspondente ou mediante convenio entre a administración e o interesado, esta fianza deberá repoñerse ou completarse no prazo de 48 horas, a contar desde a notificación, cando se vexa diminuída por causa de indemnizacións.

**Artigo 83.-**

O titular da licencia municipal para instalar o depósito deberá cumprir coas seguintes obrigas:

1.- Adoptará as medidas precisas para garantir a seguridade da vía pública.

2.- Será responsable do lixo que poida depositarse na vía pública pola utilización dos colectores e estará obrigado á limpala sen prexuízo da sanción que corresponda.

3.- Deberá repoñer a vía pública e beirarrúa en caso de dano debido á ocupación.

4.- Os colectores disporán de tapa ríxida ou de elementos para cerrar que impidan a súa utilización por persoas alleas ó solicitante do servicio.

5.- É obrigatorio comunicar ó Concello, cun prazo de antelación mínimo de 24 horas, os puntos de colocación dos colectores de entullos.

6.- Situado o colector na vía pública, e co obxecto de evitar a posibilidade de focos de infección, será substituído no prazo máximo de 72 horas e non poderá permanecer cheo por máis de 6 horas. En calquera caso, a súa retirada estará sometida a razóns excepcionais, ós

requirimentos do Concello, á utilización da vía pública e a razóns hixiénico-sanitarias ou de seguridade.

7.- Todos os colectores situados na vía pública permanecerán tapados fóra da xornada laboral.

**Sección 4ª: Quioscos.**

**Artigo 84.-**

A presente normativa ten por obxecto regular a instalacións na vía pública de quioscos de venda de prensa, revistas, flores ou outros artigos que tradicionalmente se comercializan nestes establecementos e que expresamente autorice o Concello.

**Artigo 85.-**

A autorización para instalar os ditos quioscos na vía pública é materia do Concello a través dos seus órganos competentes.

A actuación do Concello neste sentido orientarase a que a adxudicación ós titulares de quioscos cumpra o carácter social que tradicionalmente lles é propio.

**Artigo 86.-**

**1.-** Os quioscos poderán instalarse, unicamente, nos espacios previamente determinados pola Alcaldía.

**2.-** Convocarase un concurso para a concesión da explotación de cada novo quiosco e dos xa instalados antes da aprobación desta Ordenanza naqueles casos en que finalice a concesión.

**3.-** Poderán obter a concesión dun quiosco todas aquelas persoas que estean empadroadas no municipio, sexan maiores de idade e non teñan a regulamentaria idade de xubilación, non padezan enfermidade infecto-contaxiosa e non posúan outra instalación ou quiosco en explotación, sexa ou non na vía pública.

**4.-** Os interesados en concorrer ó concurso de concesión dun quiosco deberán acompañar á solicitude unha declaración xurada de que non posúen ningún outro establecemento onde se vendan artigos similares, xa sexa na vía pública ou nun inmoble, ademais da documentación que se esixa en cada caso nas bases do concurso.

**5.-** Gozarán de preferencia para a instalación de quioscos na vía pública tanto os afectados de invalidez permanente, que os imposibilite para o exercicio da súa profesión habitual, e os minusválidos, sempre que non estean imposibilitados para desenvolver a actividade de venda no quiosco, como os parados con carné de desemprego, e atendendo en igualdade de condicións de

precariedade da situación económica do solicitante conxugada co número de fillos e idade -darase preferencia ó de máis idade.

**Artigo 87.-**

1.- A concesión da explotación de novos quioscos realizarase por un prazo de 5 anos, prorrogables ata un máximo de 10. Rematado este prazo ou extinguida a concesión por calquera das outras causas incluídas nesta Ordenanza, as instalacións do quiosco reverterán no Concello que convocará un novo concurso.

2.- Os adxudicatarios de quioscos xa instalados aboarán ó Concello, no prazo dun mes a contar desde a data de adxudicación, a cantidade que se fixe nas condicións do concurso como prezo público pola utilización das instalacións. No caso de que non se pague esta cantidade, que é distinta do canon periódico, extinguirase a concesión.

3.- Nembargantes, o Concello poderá revogar a concesión por razón de interese público, sen dereito a indemnización a favor dos adxudicatarios. A revogación implica a obriga de entregar as chaves do quiosco no Concello e de deixar libres as instalacións no prazo que se lles sinale. En caso de non facelo, o Concello adoptará as medidas administrativas pertinentes.

4.- Non obstante, o titular da autorización afectado polo disposto no apartado 2 gozará de preferencia na adxudicación de novos quioscos.

**Artigo 88.-** En caso de incapacidade, xubilación ou morte do titular do quiosco poderá transmitirse a favor do cónxuxe, logo da autorización do Concello para o que deberán presentar a documentación e demostrar que a persoa á que se transmite non ten outro e se vai dedicar de forma exclusiva ó quiosco.

**Artigo 89.-**

Queda prohibido:

a).- O traspaso, cesión ou arrendamento do quiosco.

b).- O ter á fronte do mesmo unha persoa distinta do titular, agás en caso de enfermidade temporal. Deberá poñerse en coñecemento do Concello a persoa que substitúe ó titular do quiosco.

c).- Vender artigos distintos daqueles para os que se concedeu a autorización.

d) - Modificar o quiosco de xeito que non se adapte ó modelo fixado polo Concello.

**Artigo 90.-**

No suposto de incumprimento dalgunha das prohibicións contidas no artigo 23, quedará sen efecto a adxudicación e o propietario do quiosco deberá retiralo no prazo que lle indique a Corporación. En caso de que non o faga, retirarano os servicios municipais con cargo ó titular.
Así mesmo, quedará sen efecto a adxudicación en caso de que non se pague o canon correspondente.

**Artigo 91.-**

Os titulares da autorización construirán o quiosco pola súa conta, de acordo cos modelos fixados polo Concello.

**Artigo 92.-**

1.- Os quioscos deberán ser instalados en puntos que non molesten ó tráfico de peóns e vehículos, e que non impidan a visibilidade dos sinais. O quiosco situarase a 0,50 m. do bordo da beirarrúa.

2.- O Concello aprobará un modelo de quiosco para a cidade histórica e outro modelo para as restantes zonas do municipio.

3.- Todos os novos quioscos terán que adaptarse ó modelo que fixe o Concello e os xa instalados con anterioridade deberán ser substituídos no prazo dun ano salvo autorización expresa en contra. Neste período deberán presentar no Concello a documentación que os acredite como titulares da concesión. De non cumpriren con estas obrigas entenderase caducada a concesión, revertendo as instalacións no Concello.

**Artigo 93.-**

1.- O titular dun quiosco ven obrigado a manter en bo estado de conservación a porción de vía pública que rodee a instalación.

2.- O servicio prestarase ó público de xeito continuo cos horarios, descansos e demais condicións de traballo establecidas legalmente, revogándose a concesión se, sen causa xustificada, deixa de abrirse por un prazo superior a dous meses, ou se pasados tres meses da data de autorización non se puxese en funcionamento. Neste caso deberá ser retirado polo titular ou pola administración en execución subsidiaria.

**Artigo 94.-**

A concesión da explotación dos quioscos instalados con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza rematará ó cabo de 5 anos a partir da data da súa entrada en vigor, sen prexuízo da posible revogación polas causas contidas nesta ordenanza ou por interese público.

**Artigo 95.-**

1.- Os titulares da explotación de novos quioscos deberán pagar o correspondente canon de acordo coa Ordenanza fiscal.
2.- Con anterioridade á aprobación desta ordenanza revisarase o canon para os titulares de quioscos xa existentes co fin de actualizalos e adaptalos ó disposto na correspondente Ordenanza fiscal.

**Artigo 96.-**

A instalación na vía pública de quioscos destinados á venda do cupón pro-cegos estará sometida ó establecido nos seguintes artigos.

**Artigo 97.-**

A autorización para instalar estes quioscos na vía pública é materia da competencia do Concello a través dos seus órganos correspondentes. A actuación neste sentido orientarase a que o outorgamento da autorización cumpra o carácter social que tradicionalmente lle é propio á Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), como entidade de dereito público e asistencia social que por encargo expreso do Estado ten encomendada a resolución da problemática específica dos deficientes visuais, segundo o establecido no Real decreto 1041/81 do 22 de maio.

**Artigo 98.-**

1.- As autorizacións concederanse á ONCE co fin de que as distribúa entre os seus afiliados, logo da solicitude que deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar.
- Plano de situación acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.

Obtida a autorización, a ONCE deberá comunicar ó Concello no prazo dun mes os datos do afiliado-beneficiario de cada quiosco, así como calquera cambio que se producira neles.
2.- As autorizacións entenderanse concedidas a precario, podendo o Concello revogalas por razóns de interese público, sen dereito a ningunha indemnización a favor da ONCE. A revogación implica a obriga dese organismo de retirar o quiosco pola súa conta no prazo sinalado pola administración municipal. De non o facer procederase de acordo co establecido no artigo 44 desta Ordenanza.

**Artigo 99.-**

Unha vez solicitado o quiosco, o servicio correspondente realizará un estudio sobre o tráfico existente, as condicións especiais respecto a sinais de tráfico, ancho da beirarrúa, intensidade peonil, etc., informando sobre a conveniencia ou non da instalación do quiosco no lugar solicitado.

**Artigo 100.-**

Os quioscos deberán cumprir a normativa que lles resulte de aplicación , tanto de ámbito xeral como municipal.

**Artigo 101.-**

O quiosco construirase por conta da ONCE consonte o modelo homologado polo Concello.

**Artigo 102.-**

Queda totalmente prohibido:

1.- O traspaso, cesión, arrendamento ou calquera outra forma de ocupación do quiosco por unha persoa que non sexa nese momento o afiliado-beneficiario da ONCE notificado ó Concello. Exceptúase desta prohibición a atribución que poida realizar a ONCE do quiosco a outro axente vendedor, de acordo coa normativa establecida para o efecto dentro do organismo e debidamente notificada ó Concello.

2.- Realizar a venda de cupóns no mesmo por persoa non autorizada pola ONCE, coa debida notificación á Corporación.

3.- Vender artigos distintos do propio cupón pro-cegos emitido pola ONCE.

**Artigo 103.-**

No suposto de incumprirse algunha das prohibicións contidas no artigo anterior quedará sen efecto a autorización concedida e a ONCE deberá retirar o quiosco no prazo que sinale o Concello. De non o facer, encargaranse os servicios municipais correspondentes por conta da dita entidade e impoñéndolle a sanción correspondente.

**Artigo 104.-**

1.- O servicio prestarase ó público de modo continuo, cos horarios, descansos e demais condicións de traballo establecidas legalmente.

2.- A autorización entenderase caducada cando, sen causa xustificada, deixe de abrirse por un prazo superior a dous meses, ou se pasados tres meses da data de autorización non se puxese en funcionamento o quiosco. En ambos os casos procederase de acordo co disposto no artigo 44 da presente Ordenanza.

3.- No suposto de que o quiosco non puidese abrirse por incapacidade do adxudicatario ou por outra causa debidamente xustificada, este deberá comunicalo de inmediato á ONCE para que arbitre os medios necesarios para que o quiosco siga prestando o servicio.

4.- Aboarase o canon periódico fixado pola correspondente Ordenanza fiscal para a ocupación da vía pública cos quioscos da ONCE.

**Sección 5ª:Quioscos de Tempada**

**Artigo 105.-**

Normas xerais:

**1.-**É obxecto deste artigo a instalación na vía pública de quioscos de temporada, entendendo por isto as instalacións constituídas por elementos de carácter desmontable asentadas sobre o dominio público por un prazo igual ou inferior a 6 meses.

**2.-**A actividade propia e única a desenvolver nestas instalacións será a venda de productos alimenticios (xelados, bebidas e alimentos) non prohibidos pola lexislación vixente e baixo as condicións técnico sanitarias esixibles en cada caso.

**3.-**Estas instalacións unicamente poderán instalarse nos espacios determinados pola Alcaldía previamente e para cada ano. A adxudicación da explotación destes espacios realizarase por medio dunha subhasta á mellor oferta económica.

**4.-**Poderán solicitar autorización para os supostos incluídos neste capítulo as persoas empadroadas no municipio maiores de idade e que non cheguen á regulamentaria para a xubilación, sen prexuízo de que cumpran os demais requisitos establecidos nos artigos seguintes:

**5.-** No ámbito da cidade histórica só poderán instalarse postos de venda ambulante de carácter tradicional (carriños de xelados, postos de asado de castañas, etc.) cun deseño aprobado polo Concello.

**Artigo 106.-**

As persoas autorizadas non poderán traspasar, ceder, arrendar ou ter á fronte da instalación a outra persoa, nin vender artigos ou productos diferentes ós autorizados. Non respectar estas condicións ou incumprir calquera dos requisitos xustificados para obter a concesión suporá a súa revogación automática.

**Artigo 107.-**

Con motivo de actos deportivos ou doutra natureza que teñan lugar nos campos de fútbol, a Alcaldía, poderá establecer, nas inmediacións destes recintos, puntos ou zonas onde se poidan colocar postos de venta de productos relacionados co acontecemento de que se trate, ou alimenticios, outorgándose autorizacións con vixencia anual entre os solicitantes que cumpran os requisitos que a seguir se indican:

- Cubrir unha instancia de solicitude durante o mes de setembro.
- Certificado municipal de empadroamento na cidade de Santiago de Compostela.
- Fotocopia do DNI e do NIF.

- Tres fotografías tamaño carné.
- Certificado de estar en situación de busca de emprego no INEM, de ser o caso.
- Certificado expedido polo INSS acreditando que non se perciben prestacións.

A adxudicación destas autorizacións realizarase entre os solicitantes que reúnan os requisitos sinalados nos artigos precedentes polo procedemento de subhasta, que se celebrará na primeira quincena do mes de novembro.

Os titulares das autorizacións deberán darse de alta no epígrafe ou epígrafes correspondentes ó imposto de actividades económicas e no réxime correspondente da Seguridade Social; manterse ó corrente de pagamento nas cotas; cando proceda, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos e satisfacer o prezo público establecido na ordenanza fiscal correspondente. Estes requisitos deberán acreditarse antes de comezar a actividade. En caso contrario quedará revogada a autorización, outorgándose ó seguinte solicitante que se atope en espera.

O titular terá dereito a ocupar o espacio autorizado e exercer a actividade nos termos da concesión. Non obstante, cando xurdan circunstancias imprevistas de urbanización, implantación, supresión de servicios públicos ou calquera outra de natureza análoga, o Concello, mediante resolución motivada, poderá revogala sen dereito a indemnización a favor do interesado.

Ó remate de cada xornada, o titular autorizado deberá deixar completamente expedito o espacio que ocupara retirando todos os elementos neles instalados. En caso de incumprimento procederá, entre outras medidas , a execución subsidiaria por parte do concello e por conta do interesado, dando lugar á inhabilitación para sucesivas autorizacións e, de ser o caso, á anulación da vixente.

**Sección 6ª: Mesas, sillas e terrazas.**

**Artigo 108.-**

Os pedimentos de permiso para a instalación na vía pública de mesas e sillas deberán formularse no impreso de solicitude de ocupación provisional da vía pública e ir acompañados necesariamente da documentación seguinte:

- Xustificante de ter obtido previamente a licencia para a actividade.
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do modelo de mobiliario que se pretende instalar.
- Plano de situación a escala 1:1000 (ou 1:500 para o caso de terrazas na cidade histórica) acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existente na área de influencia da ocupación.

**Artigo 109.-**

1.- As mesas colocaranse como norma xeral fronte á fachada do establecemento ou pegadas ó bordo e separadas deste 50 centímetros. Nembargantes poderá autorizarse a instalación ó pé da fachada cando o solicite o interesado e existan razóns especiais que o aconsellen (modificacións no tráfico de peóns ou outras).

2.- Para as mesas que se teñan que colocar nun xardín público ou zona axardinada, solicitarase previamente informe do servicio correspondente.

3.- A colocación de mesas en zona peonil requirirá, en cada caso concreto, un estudio especial, atendendo á anchura e demais características da rúa.

4.- O Concello, vistos os informes técnicos e, se é o caso, a correspondente convocatoria, poderá seleccionar ou homologar os modelos que serán preceptivos no casco histórico e nas zonas que se determinen do municipio.

**Artigo 110.-**

1.- A autorización non se concederá por mesas, senón por unidades de superficie, fixándose un máximo de mesas.

2.- Estas unidades agruparanse en módulos de 2x2 metros correspondendo a una mesa e catro sillas.

3.- As autorizacións poderán ser anuais ou de temporada. Entenderase por autorizacións de temporada as que vaian desde o 1 de marzo ata o 30 de outubro, ámbolos dous inclusive, e por anuais as que autoricen a instalación desde o 1 de xaneiro ó 31 de decembro. No suposto de non solicitarse renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.

4.- Se existen problemas en relación coa autorización por queixas razoadas dos veciños ou pedimento motivado dos servicios municipais, incumprimento das obrigas do titular ou outras circunstancias de interese xeral como pode ser a ordenación do tráfico, etc., o Concello resérvase o dereito de anular a autorización sen dereito de indemnización ningunha.

5.- Salvo autorización expresa en sentido contrario, que só poderá concederse con carácter provisional e en precario, o titular deberá levantar a terraza unha vez rematado o horario de apertura e non poderá montala novamente antes das 10.30 horas do día seguinte ou do horario que teña autorizado.

**Artigo 111.-**

En principio, poden instalarse as mesas na totalidade da anchura da fachada do establecemento se outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, etc.) non o impiden.

Non se poderán instalar as mesas fóra da liña de fachada do establecemento a non ser que os propietarios dos establecementos lindantes dean a súa autorización expresa, que deberá presentar o interesado no expediente que se tramite para este efecto, deixando en todo caso expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais.

**Artigo 112.-**

Os propietarios dos establecementos autorizados para ocupar en precario parte da vía pública quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

**1.-** Deixar un paso de metro e medio de ancho para a circulación de peóns nas beirarrúas ou nas rúas peonís.

**2.-**- Deixar expedito o acceso á entrada dos edificios e locais comerciais.

**3.-** Cinguirse estrictamente á zona autorizada sen rebasala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan.

**4.-** Colocar en sitio visible mediante un marco axeitado ou funda de plástico, o permiso correspondente para que poida ser visto e consultado pola Policía Local, sen necesidade de esixir a súa exhibición.

**5.-** Os elementos que se instalarán nas terrazas cumprirán as seguintes condicións:

a.- As mesas e sillas a instalar serán de materiais de boa calidade e acordes co contorno.

b.- En caso de instalar quitasoles suxeitaranse mediante una base de suficiente peso, de xeito que non se produza ningún deterioro ó pavimento e nin supoñan perigo para os usuarios e viandantes.

**6.-** As autorizacións para a instalación de terrazas enténdense coas seguinte condicións:

a.- No suposto de que a autorización das mesas sexa para zonas peonís, non se poderán instalar durante o horario en que estea permitida a circulación de vehículos.

b.- Se a calquera hora do día un vehículo autorizado ou de urxencias tivese necesidade de circular pola zona peonil e as mesas llo impediran ou dificulten, o titular destas deberá proceder con toda rapidez á súa retirada co fin de facilitar a manobra do vehículo.

**7.-** Manter en perfectas condicións de limpeza e salubridade a superficie ocupada polas mesas

**Sección 7ª: Toldos.**

**Artigo 113.-**

Para os efectos desta Ordenanza considéranse toldos suxeitos á súa normativa os que se apoien total ou parcialmente sobre a vía pública. Poden ser das seguintes clases:

1.- Os que sirvan de resgardo a mesas e sillas.

2.- Aqueles que sexan abatibles e de protección de escaparates.

3.- Os especiais que sirvan de acceso a un determinado edificio ou comercio.

**Artigo 114.-**

Nas instancias que os interesados presenten no Rexistro de Concello, deberá constar o deseño, cor e tipo de material con que van a ser realizados os toldos. Acompañaranse de planos de alzado e planta; do cálculo das hipóteses correspondentes, mesmo tendo en conta a forza do vento, segundo a normativa vixente; de planos en que figuren todos os elementos de mobiliario urbano que existan na zona a ocupar (sinais, farolas, árbores, bancos, etc.), realizados todos eles por un técnico competente e visados polo correspondente colexio.

**Artigo 115.-**

En calquera caso deberá quedar libre, como mínimo, unha altura de 2,50 m.

**Artigo 116.-**

Os toldos poderán ter pechamentos verticais, preferentemente transparentes e de material flexible, sempre que a súa superficie non sexa superior á ocupada polas mesas e sillas e, como máximo, a tres caras.

Instalaranse sen cimentacións fixas a 0,50 m do bordo da beirarrúa, de tal xeito que sexan facilmente desmontables.

**Artigo 117.-**

a).- Cando sexan toldos de temporada, ó rematar esta, serán desmontados totalmente, incluída a suxeición dos mesmos.

b).- Cando sexan anuais, a obriga de desmontar totalmente a instalación, incluídas as suxeicións, producirase se non se obtivo a correspondente renovación ó rematar a autorización anterior.

**Artigo 118.-**

Para todos aqueles toldos situados totalmente ou en parte a menos de 1,50 m. da liña de fachada, ou aleiro se o hai, esixirase a autorización dos veciños da 1ª planta do inmoble.

**Artigo 119.-**

Os toldos que se instalen na cidade histórica deberán cumprir as condicións fixadas polo Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica.

**Artigo 120.-**

Os técnicos municipais e a Policía Local efectuarán inspeccións e controlarán o cumprimento exacto das resolucións aprobadas, propondo, de ser o caso, as actuacións administrativas que procedan.

**Sección 8ª: Máquinas expendedoras e motocicletas de reparto**

**Artigo 121.-**

Como norma ou principio xeral, prohíbese a ocupación de bens de uso público, e en especial da vía pública, coa instalación de calquera tipo de máquina expendedora.

**Artigo 122.-**

As motocicletas de reparto de establecementos de comida rápida, tipo pizzerías, etc., rexeranse polas mesmas normas cós restantes usuarios no referente a estacionamento e ocupación da vía pública.

**Sección 9ª: Cabinas telefónicas.**

**Artigo 123.-**

Á instancia que se presente no Rexistro do Concello solicitando a instalación dunha cabina telefónica deberá acompañar:

- Proxecto asinado por un técnico competente.
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar.
- Plano de situación acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.

**Artigo 124.-**

Condicións de instalación:

1) As cabinas telefónicas situaranse a 0,50 m. do bordo da beirarrúa.

2) Se na zona solicitada non existiran beirarrúas con suficiente anchura para poder instalalas, e estiveran previstas nos planes futuros da compañía Telefónica, estudiarase a ampliación da beirarrúa, se procede, correndo os gastos ocasionados por conta do solicitante.

3) A instalación eléctrica deberá cumprir o vixente Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

4) O Concello homologará un modelo de cabina para instalar no ámbito da cidade histórica.

**Sección 10ª: Atraccións Feirais**

Comprende a regulación de canto se relaciona con verbenas, festas populares e outros actos na vía pública.

**Artigo 125.-**

A solicitude deberá ser formulada por un grupo ou asociación cultural de veciños con entidade ou arraigo no barrio ou por pedimento doutras entidades cando concorran circunstancias especiais ou redunden en beneficio da comunidade veciñal.

**Artigo 126.-**

A autorización, cando proceda, concederase condicionada a:

1.- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso dos vehículos de urxencia.

2.- Que ó remate de todos os actos as vías deberán quedar libres, retirando de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto. Os titulares da autorización responderán dos desperfectos ocasionados no pavimento da calzada ou da beirarrúa.

Limitarase a repercusión máxima de ruídos no exterior do recinto onde se exerza a actividade e, de ser o caso, determinarase a fianza correspondente.

**Sección 11ª: Actuacións Artísticas**

**Artigo 127.-**

As actuacións de carácter artístico, tanto individuais como en grupo, tales como mimo, música, pintura e similares, que pretendan levarse a cabo no ámbito de aplicación desta Ordenanza, estarán suxeitas á previa autorización municipal, que se outorgará ou denegará en virtude dos informes técnicos competentes e en función das molestias que poidan ocasionarse ós cidadáns.

Non obstante o sinalado nos parágrafos precedentes, a Comisión de Goberno ou, en caso de urxencia, por bando ou resolución da Alcaldía, dando conta posterior á aquela, poderá destinar zonas, fora da vía pública, para exercitar este tipo de manifestacións, determinando en cada caso os requisitos e condicións que deban cumprirse.

**Sección 12ª: Venda Ambulante**

**Artigo 128.-**

A venda ambulante está regulada no Concello de Santiago pola ordenanza municipal correspondente. O establecido nesta Ordenanza de regulación do uso da vía pública será de aplicación primeira no que se refira a ocupación do dominio público e supletoria no resto.

1.- Como norma ou principio xeral prohíbese a venda ambulante en todo o termo municipal de Santiago de Compostela, agás nas zonas destinadas para isto polo Concello.

2.- Considérase venda ambulante, a que é realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente en espacios libres e zonas verdes ou na vía pública, en lugares e datas variables.

O Concello poderá autorizar esta modalidade de venda mediante convenios con asociacións do sector ou institucións que, constituídas ó abeiro da lexislación vixente, persigan fins de interese

social, tendo en conta as prohibicións que as normas establecen sobre determinadas materias ou productos.

**Artigo 129.-**

A venda ambulante só poderá ser exercida por persoa física autorizada, maior de idade con plena capacidade xurídica e de obrar e nos lugares, datas e polo tempo que se indique na autorización.

**Artigo 130.-**

1.- A autorización municipal para exercer a venta ambulante será intransferible, terá un período de vixencia non superior ó ano e deberá conter indicación precisa do ámbito territorial e, dentro deste, do lugar ou lugares en que pode exercerse, das datas e dos productos autorizados. O anteriormente exposto é sen prexuízo de que tal autorización estará sometida á comprobación previa polo Concello de que o solicitante cumpre os requisitos legais en vigor para exercer a venda do producto autorizado.

2.- As autorizacións terán carácter discrecional, serán outorgadas a precario e revogadas cando existan razóns de interese xeral que así o aconsellen e sempre que se incumpra o establecido nesta Ordenanza.

3.- Os vendedores ambulantes, no exercicio da súa actividade mercantil, deberán cumprir a normativa vixente en materia de exercicio do comercio e de disciplina do mercado, así como responder dos productos que vendan, de acordo co establecido pola leis e demais disposicións vixentes.

Deberán acompañar a solicitude para exercer a venda ambulante da seguinte documentación:

- Fotocopia do carné de identidade.
- Carné de manipulador de alimentos, cando a actividade o requira.
- Licencia fiscal e recibos de pagamento do IAE e das taxas municipais correspondentes, se é o caso.
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.
- Plano de situación acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes no área de influencia da ocupación.

**Artigo 131.-**

1.- A venda ambulante realizarase en postos ou instalacións desmontables cun máximo de 2x1 metros, agás nos casos en que, por circunstancias especiais se autoricen de maior tamaño. En todos os casos só poderán instalarse no lugar ou lugares que especifique a correspondente autorización.

2.- Os postos de venda ambulante non poderán situarse en accesos a edificios, a establecementos comerciais ou industriais nin en lugares que dificulten tales accesos ou a circulación peonil. Tampouco poderán instalarse diante dos escaparates ou exposicións cando dificulten a súa visión.

**Artigo 132.-**

A venda con motivo de festas será regulada en cada caso mediante un bando da Alcaldía.

**Sección 13ª: Elementos Publicitarios**

**Artigo 133.-**

A publicidade na vía pública considerarase, segundo os casos, uso común especial ou uso privativo segundo se determina na lexislación vixente de réxime local.

Non se permitirán actividades publicitarias con asento no pavimento da calzada, da beirarrúa ou do bordo, aínda que sexa parcialmente, nin nos terreos adquiridos ou cedidos para vías ou espacios libres públicos, sen prexuízo do establecido na concesión demanial que, de ser o caso, determine o Concello.

Só se permitirá a instalación de valos publicitarios en dominio público mediante o réxime de concesión como consecuencia do concurso convocado polo Concello e regulado polos pregos de condicións que se establezan.

**TÍTULO IV.- DAS LICENCIAS PARA A ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS**

**Artigo 134.-**

Está suxeito a licencia municipal o acceso de vehículos ó interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público; cando supoña un uso privativo ou unha especial restricción do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto a todos os bens; ou cando impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no espacio polo que se realiza o acceso.

**Artigo 135.-**

A licencia de entrada de vehículos será concedida pola Alcaldía ou polo concelleiro delegado que corresponda, segundo proposta dos servicios correspondentes.

A solicitude de licencia de entrada de vehículos poderá ser presentada polos propietarios, polos posuidores lexítimos dos inmobles ou polos promotores ou contratistas, no suposto de obras.

**Artigo 136.-**

O expediente de concesión de entrada de vehículos poderá iniciarse de oficio ou logo do pedimento dos interesados, que deberán achegar a documentación que segue:

- Plano de situación da cartografía municipal, a escala 1:2.000.

- Plano da fachada do inmoble con acoutación expresa da entrada solicitada a escala 1:50.
- Plano de planta e número de prazas existentes por planta.
- Fotografía da fachada do inmoble.
- Licencia de obras e de primeira ocupación cando nelas conste expresamente a zona ou reserva de aparcamento.
- Licencia de habilitación do local para garaxe (cando requira obra).
- Licencia de modificación do uso (cando non require obra).
- Licencia de apertura, cando nela conste expresamente a zona de aparcamento ou cando, aínda non constando expresamente, se outorgue para actividades de reparación, venda, alugueiro, exposición, lavado, engraxamento ou inspección de vehículos ou cando se trate de estacións de servicio.

Cando os documentos esixidos sexan expedidos pola administración actuante, escusarase a súa presentación se así o fai constar o interesado e facilita os datos necesarios para localizalos e verificar a súa existencia.

A autorización outorgarase logo de comprobados os documentos presentados e de contar co informe favorable dos servicios correspondentes.

**Artigo 137.-**

As entradas de vehículos poden ser dos seguintes tipos:

**A.- PERMANENTES:**

- Garaxes privados ou de comunidades de propietarios.
- Garaxes públicos con capacidade superior a 10 prazas e talleres con cabida superior a 10 vehículos, sempre que acrediten prestan servicios permanentes de urxencia.
- Garaxes destinados a vivendas unifamiliares.
- Edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario, hospitais e ambulatorios.
- Gasolineiras, estacións de servicios, venda de carburantes.
- Aparcamentos de promoción pública.
- Edificios destinados a organismos oficiais, cando a natureza dos mesmos o esixa.

**B.- LABORAIS:**

- Talleres con capacidade inferior a 10 vehículos ou que, aínda tendo unha capacidade superior, non xustifiquen que prestan servicio permanente de urxencia.
- Obras de construcción, derruba, reforma e reparación de edificios.
- Almacéns de actividades comerciais.
- Concesionarios de venda de automóbiles, compravenda de vehículos usados e alugueiro sen conductor.
- Outras actividades de características análogas.

O horario laboral establécese, con carácter xeral de 9,30 a 20,30 horas, con excepción de domingos e festivos, se ben na autorización poderá especificarse un horario diferente en caso de non poder adaptarse ó establecido. En calquera caso o horario autorizado deberá constar no correspondente sinal

**Artigo 138.- Sinalización**

Caberán dous tipos de sinalización:

**A.- VERTICAL:**

Instalada na porta, fachada ou construcción, consistirá nun disco de prohibición de estacionamento, axustado ó modelo oficial, que será facilitado polo Concello logo de aboadas as taxas correspondentes. Neste sinal constará:

- O número de identificación outorgado polo Concello.
- Os metros de reserva autorizada.
- A denominación do vao: permanente, laboral ou nocturno. Nestes últimos casos deberá constar o horario.
- A vixencia da licencia e o ano en curso

**B.- HORIZONTAL:**

Consiste nunha franxa amarela, de lonxitude correspondente á do ancho da entrada, pintada no bordo ou na calzada xunto ó bordo.

Non se permitirá en ningún caso colocar ramplas que ocupen a calzada.

No suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vao deberá pedir o correspondente permiso de obra.

Os gastos que ocasione a sinalización descrita, así como as obras necesarias correrán por conta do, que estará obrigado a manter a sinalización, tanto vertical como horizontal nas debidas condicións.

**Artigo 139.-**

Os desperfectos ocasionados nas beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión do vao concedido, serán responsabilidade dos titulares, que están obrigados á reparalos por requirimento da autoridade competente e dentro do prazo se outorgue. O incumprimento desta obriga dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei de procedemento administrativo.

**Artigo 140.-**

O Concello poderá suspender con carácter temporal e por razóns de tráfico, obras nas vías pública ou outras circunstancias extraordinarias os efectos da licencia.

**Artigo 141.-**

As licencias poderán ser revogadas polo órgano que as dictou nos seguintes casos:

- Por seren destinadas a fins distintos dos que motivaron o outorgamento.
- Por desapareceren as causas ou circunstancias que deron lugar ó seu outorgamento.
- Se non se aboa o prezo público anual correspondente.
- Por incumprir as condicións relativas a horarios ou carácter da sinalización axeitada.
- Por causas motivadas relativas ó tráfico ou circunstancias da vía pública.

A revogación dará lugar á obriga do titular de retirar a sinalización, reparar o bordo da beirarrúa ó seu estado inicial e entregar a placa identificativa no Concello.

**Artigo 142.-**

Cando se solicite a baixa ou anulación da licencia de entrada de vehículos de que se dispuña por deixar de usar o local como aparcamento, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparar o bordo da beirarrúa ó estado inicial e entregar a placa nos servicios municipais correspondentes.

Logo de que os servicios municipais comproben o cumprimento dos requisitos correspondentes, procederase á concesión da baixa solicitada.

**Artigo 143. Garaxes e obradoiros.**

A instalación de garaxes e obradoiros de amañáo de vehículos require licencia municipal, que non se outorgará de non se demostrar que o local respectivo ten capacidade abonda para acoller os vehículos que vaian arranxarse ou gardarse.

Queda absolutamente prohibido o lavado ou amañáo de vehículos na vía pública.

Para o acceso de vehículos a garaxes e obradoiros disporanse ramplas ocas no seu interior -acondicionadas para que a auga discorra por baixo delas-, que non sobresaian do nivel da beirarrúa e cunha base na calzada de 30 centímetros como máximo.
Para a entrada con carruaxes en calquera edificio ou predio da poboación terá que obterse a correspondente autorización municipal, que se concederá en función dos requisitos sinalados nesta ordenanza, da legalización da edificación á que se quere acceder, da licencia municipal para a actividade que se exerza e do pagamento dos dereitos municipais regulados na ordenanza fiscal correspondente.
Non se concederá licencia de entrada de carruaxes cando supoña atranco para a libre circulación dos vehículos na vía pública, produza deterioro grave na fluidez do tráfico ou estea prohibida por algunha norma do Regulamento xeral de circulación ou por outra norma ó respecto.

## TÍTULO V.- OBRAS NA VÍA PÚBLICA

### Artigo 144.-

**1.-** A execución de zanxas nas vías públicas estará sometida, ademais de á previa obtención da correspondente licencia municipal, ó estricto control dos servicios municipais.

**2.-** Para responder dos danos que se puidesen ocasionar nos servicios públicos durante a execución da zanxa e para garantir a correcta reposición do pavimento unha vez concluída a obra, o titular da licencia deberá depositar unha fianza pola contía que se fixará en cada caso.

**3.-** Unha vez finalizada a obra, o titular da licencia deberá repoñer o pavimento da vía pública danado de xeito que quede no estado en que se atopaba antes da execución da zanxa e cumprir as condicións que se lle impoñan na licencia.

### Artigo 145.-

Serán de aplicación as disposicións establecidas nas normas de planeamento urbanístico, a Norma 8,3-IC do Ministerio de Fomento, ou as que as substitúan, no que se refire a tipos de sinais, balizas e defensas, debendo axustar a súa instalación ás características propias da vía en que se desenvolvan as obras.

1.-Todos os elementos que se utilicen na sinalización e balizamento do espacio de obras deberán ser reflectantes.

2.-En caso de que as características da vía o aconsellen, deberá balizarse con elementos luminosos.

3.-En calquera caso, os peóns deberán dispor dun itinerario claro e seguro, que permita acceder razoablemente ás actividades e vivendas da zona afectada.

### Artigo 146.-

Elementos de sinalización afectados por obras:

Antes do inicio das obras levantarase un plano que recolla a sinalización e instalacións existentes na zona, debendo actuar en cada caso:

1.- Os sinais vitais: (stop, ceda o paso, dirección prohibida, cambios de sentido prohibidos, dirección obrigatoria) deberán permanecer na súa localización, utilizando para iso os medios que se consideren oportunos.

2.- O resto da sinalización vertical, en caso de que sexa necesario retirala, deberá reimplantarse na mesma posición anterior e en condicións de mantemento aceptables.

3.- A sinalización horizontal afectada deberá ser repintada na súa cor, reconstruíndo integramente a situación previa ou, en caso de modificación, a que o departamento municipal de Tráfico decida.

**Artigo 147.-**

As instalacións semafóricas deberán ser obxecto de grande atención, especialmente os seguintes elementos:

Espiras magnéticas, que están colocadas no asfalto e conectadas cos mandos atravesando a liña de bordo.

Canalizacións que se sitúan nas beirarrúas e na calzada. Algunha delas contén elementos de fibras óptica e a súa rotura pode supoñer unha avaría de grande importancia e alto custo.

**Artigo 148.-**

O departamento municipal de tráfico subministrará a información que en cada momento se requira sobre estas instalacións, actuando administrativamente cando se produzan avarías, danos ou accidentes por actuacións non contrastadas ou incumprimento destas normas.

**Artigo 149.-**

1.- Os casos de rotura de espiras ou das súas conexións deberán comunicarse urxentemente á Policía Local e ó departamento de Tráfico.

2.- As roturas nas canalización deberán ser reconstruídas de xeito que se garanta o seu uso normal, aplicándose en cada caso a solución máis acorde co dano ocasionado a criterio do departamento de Tráfico.

3.- Se a obra require o movemento ou modificación dos elementos de sustentación dos semáforos ou as súas canalizacións, deberase axustar ós requisitos de nova implantación establecidos polo departamento municipal de Tráfico.

**Artigo 150.-**

No referente a elementos de sinalización de nova implantación, e no non previsto nesta Ordenanza serán de aplicación as prescricións técnicas para actuación na vía pública aprobadas pola Comisión de Goberno Municipal o día 7 de xullo de 1997 ou as normas que as substitúan, debendo cumprir en todo caso a lexislación vixente e axustarse ó que indiquen os servicios técnicos municipais e ó departamento municipal de Tráfico.

**TÍTULO VI.- MEDIDAS CAUTELARES**

**Artigo 151.- Inmobilización de vehículos na vía pública.**

Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, sen prexuízo da denuncia que deberán formular polas infraccións correspondentes, poderán inmobilizar un vehículo nos casos que seguen:

1. Cando da súa utilización poida derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens.
2. Cando o seu conductor se negue a efectuar as probas a que se refire o artigo 12 do Real decreto lexislativo 339/90, así como no suposto previsto no artigo 67.1, parágrafo terceiro, do mesmo Real decreto.
3. Cando nas zonas regulamentadas exceda en máis dunha hora do tempo máximo de estacionamento establecido ou careza da preceptiva autorización.
4. Cando o conductor non leve permiso de conducir, permiso de circulación, ou autorización que os substitúan, e existan dúbidas acerca da súa identidade e domicilio ou o seu comportamento induza a apreciar, racional e fundamentadamente, que carece dos coñecementos e aptitudes necesarias para a conducción.
5. Cando deficiencias ostensibles do vehículo, da carga ou da súa disposición constitúan un perigo para a circulación ou produzan danos na vía pública.
6. Cando o vehículo circule cunha altura ou anchura superior á permitida nas normas de circulación ou, de ser o caso, na autorización especial que posúa.
7. Cando o vehículo circule cunha carga cun peso ou lonxitude total superior en máis dun 10% ó autorizado.
8. Cando as posibilidades de movemento ou o campo de visión resulten sensible e perigosamente reducidos polo número ou posición dos viaxeiros ou pola colocación dos obxectos transportados.
9. Cando non se levara a cabo a correspondente inspección técnica obrigatoria e rematara o prazo de 10 días sen que se xustificase a presentación do vehículo á dita inspección.

**Artigo 152.-**

A inmobilización decretada por defectos do conductor quedará suspendida en canto desaparezan eses defectos ou outra persoa, coa aptitude precisa, se faga cargo do vehículo.

Cando a inmobilización fose ordenada por razóns derivadas das condicións do propio vehículo ou da súa carga, os axentes autorizarán a súa marcha, adoptando as medidas necesarias para garantir a seguridade, ata onde o conductor poida axustar a carga ou corrixir as deficiencias técnicas. No caso do apartado 9 do artigo anterior, os axentes entregarán ó conductor un volante para circular ata o lugar onde deba practicarse o recoñecemento.

Unha vez inmobilizado o vehículo, o seu conductor solicitará da autoridade competente a posta en circulación. Para que lle sexa concedida terá que satisfacer ou garantir previamente o importe dos gastos ocasionados con motivo da inmobilización, regulados na Ordenanza correspondente.

**Artigo 153.- Retirada de vehículos da vía pública.**

A Policía Local poderá ordenar a retirada dun vehículo da vía pública e o seu traslado ó depósito municipal nos seguintes casos:

a) Por requirimento das autoridades xudiciais ou administrativas.

b) En caso de accidente que impida continuar a marcha e o titular do vehículo non o retire.

c) Cando, inmobilizado un vehículo polos axentes de tráfico, transcorreran máis de 48 horas sen que o conductor ou propietario corrixira as deficiencias ou cando, de acordo co disposto no artigo 67.1, parágrafo terceiro, do Real decreto lexislativo 339/90, o infractor persistise na súa negativa a depositar ou garantir o pagamento da multa.

d) Cando se atope estacionado nalgunhas das seguintes circunstancias:

1.- En lugares que constitúa un perigo.

2.- Perturbando gravemente a circulación de peóns ou vehículos.

3.- Obstaculizando ou dificultando o funcionamento dalgún servicio público.

4.- Se ocasiona perdas ou deterioro no patrimonio público.

5.- Se se atopa en situación de abandono.

6.- Aparcado incorrectamente en zonas de estacionamento con limitación horaria.

7.- Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servicio de determinados usuarios.

8.- En caso de accidentes que impidan continuar a marcha.

9.- Cando perturbe a tranquilidade pública polo abuso ou mal funcionamento de alarmas ou doutros sinais acústicos.

10.- En calquera outro suposto previsto na Lei ou nesta Ordenanza.

**Artigo 154.- Estacionamento en lugar que constitúa perigo.**

Considerarase que un vehículo se atopa estacionado orixinando unha situación de perigo para o resto de peóns e conductores nos casos que se especifican a continuación:

1.- Nas curvas ou cambios de rasantes de visibilidade reducida.

2.- Nas interseccións de rúas e nas súas proximidades, producindo unha diminución da visibilidade.

3.- Nos lugares en que impida ver os sinais de circulación.

4.- De xeito que sobresaia do vértice da esquina da beirarrúa, obrigando ó resto de conductores a variar a súa traxectoria, ou dificultando o xiro dos vehículos.

5.- Cando se obstaculice a saída de emerxencia dos locais destinados a espectáculos públicos e entretemento durante as horas de apertura dos mesmos.

6.- En plena calzada.

7.- Nas medianas, separadores, illas ou outros elementos de canalización do tráfico ou en zonas do pavimento sinaladas con franxas brancas.

8- Cando impida a outros vehículos a realización dun xiro permitido, a vista dun sinal de tráfico ou os obrigue a realizar manobras antirregulamentarias.

**Artigo 155.- Estacionamentos que perturban a circulación de peóns e vehículos.**

Entenderase que o vehículo se atopa estacionado perturbando a circulación de peóns e vehículos nos seguintes casos:

1.- Cando estea prohibida a parada.

2.- Cando non permita o paso doutros vehículos.

3.- Cando obstaculice a saída ou o acceso a un inmoble a través dun vao.

4.- Cando se impida a incorporación á circulación doutro vehículo correctamente estacionado.

5.- Cando se atope estacionado en dobre fila.

6.- Cando invada carrís ou parte das vías reservadas exclusivamente para a circulación ou para o servicio dos demais usuarios.

7.- Cando se atope estacionado nos pasos de peóns ou nos pasos para ciclistas.

8.- Cando se atope estacionado na beirarrúa, en vías peonís -salvo nos casos e horarios autorizados- e demais zonas reservadas ós peóns.

9.- Cando se atope estacionado en lugar prohibido nas vías definidas como de atención preferente ou de moi densa circulación na presente Ordenanza.

**Artigo 156.- Estacionamentos que obstaculizan ou dificultan o funcionamento dalgún servicio público.**

O estacionamento obstaculizará o funcionamento dun servicio público cando teña lugar:

1.- Nas paradas reservadas ós vehículos de emerxencia, transporte ou servicio público.

2.- Nos carrís reservados á circulación de vehículos de transporte público.

3.- Nas zonas reservadas para a colocación de colectores de residuos sólidos urbanos ou doutro tipo de mobiliario urbano.

4.- Nas saídas e zonas reservadas a servicios de urxencia e seguridade.

**Artigo 157.- Estacionamentos que ocasionan perdas ou deterioro do patrimonio público**

Entenderase que o estacionamento orixina perda ou deterioro do patrimonio público cando se efectúe en xardíns, setos, zonas forestais, fontes e outras partes da vía destinadas ó ornamento e decoro da cidade ou en bens declarados de interese cultural ou de protección especial.

**Artigo 158.- Situación de abandono.**

A autoridade municipal poderá presumir razoablemente que un vehículo se atopa en situación de abandono nos seguintes casos:

1.- Cando estea estacionado durante un período superior a seis días hábiles no mesmo lugar da vía ou transcorran 48 horas desde que se formulou a denuncia por estacionamento continuado no mesmo lugar sen que o vehículo fora cambiado de sitio.

2.- Cando presente un notable estado de deterioro ou existan evidentes indicios externos que fagan presumir unha situación de abandono.

Presumirase racionalmente o seu abandono, nos seguintes casos:

- Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora depositado, trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente.
- Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle faltes as pracas de matriculación.

Neste caso terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente.

No suposto contemplado no apartado a) e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a este, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que no prazo de quince días retire o vehículo do depósito,

coa advertencia de que, en caso contrario, se procederá ao seu tratamento como residuo sólido urbano.

3.- Cando os desperfectos do mesmo fagan imposible que se poida mover polos seus propios medios.

4.- Cando resulte necesario para a propia seguridade do vehículo.

**Artigo 159.- Retirada de vehículos das zonas de aparcamento con horario limitado.**

Os vehículos que ocupen unha praza de estacionamento con limitación horaria poderán ser retirados en calquera das circunstancias seguintes:

1.- Cando o usuario non pagara previamente o distintivo de autorización e teña transcorrido unha hora dende o inicio da prestación do servicio.

2.- A autoridade municipal poderá presumir que non se pagou o dito distintivo cando non estea colocado no interior do vehículo perfectamente visible a través do parabrisas.

3.- Cando o tempo de ocupación da praza exceda polo menos unha hora e supoña alomenos o dobre do tempo pagado.

4.- Cando exceda en máis dunha hora do tempo máximo permitido pola Ordenanza municipal.

**Artigo 160- Retirada de vehículos por ocupar unha zona reservada a outros usuarios.**

Poderán ser retirados da vía pública aqueles vehículos que ocupen ou invadan zonas especialmente reservadas pola autoridade municipal, de modo eventual ou permanente, a outros usuarios ou para realizar determinadas actividades, concretamente nos casos seguintes:

1.- En zona de carga e descarga.

2.- En zona de paso de minusválidos.

3.- En zona de aparcamento especial para automóbiles de minusválidos.

4.- En zona de aparcamento reservado para vehículos de servicio público.

**Artigo 161.- Estacionamento en zonas reservadas para a celebración de determinados actos.**

Aínda cando se atopen correctamente estacionados, a autoridade municipal poderá retirar os vehículos da vía pública nas situacións seguintes:

1.- Cando estean aparcados en lugares nos que estea prevista a realización dun acto público debidamente autorizado.

2.- Cando estean estacionados en zonas onde estea prevista a realización de labores de limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.

3.- En casos de emerxencia.

O concello deberá advertir estas circunstancias coa antelación suficiente mediante a colocación dos avisos necesarios.

Unha vez retirados, os vehículos serán conducidos ó lugar de depósito autorizado máis próximo, que se poñerá en coñecemento dos seus titulares.

A recuperación dos mesmos non suporá para o seu titular o pagamento de ningún tipo de prezo ou taxa.

**Artigo 162.- Pagamento de taxas.**

Agás as excepcións legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da inmobilización e retirada do vehículo e a súa estancia no depósito municipal correrán por conta do titular, que terá que pagalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de interposición dos recursos que caiban. Só poderá retirar o vehículo o titular ou unha persoa autorizada.

**Artigo 163.- Suspensión da retirada.**

A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente se o conductor comparece antes de que a grúa iniciara a súa marcha co vehículo enganchado e toma as medidas necesarias para que cese a situación irregular en que se atopaba, aplicándose o previsto na lexislación aplicable e na Ordenanza fiscal correspondente.

**Artigo 164.- Retirada de obxectos depositados na vía pública.**

Serán retirados inmediatamente pola autoridade municipal todos aqueles obxectos que se atopen na vía pública e non exista ningunha persoa que se faga responsable deles. Estes obxectos serán trasladados ó depósito municipal.

Do mesmo xeito actuarase en caso de que o obxecto ocupe espacio destinado ó estacionamento ou entorpeza o tráfico de peóns ou de vehículos e se o seu propietario, de estar presente, se nega a retiralo de inmediato.

## TÍTULO VII.- INFRACCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

**Artigo 165.- Cadro xeral de infraccións.**

1.- As accións e omisións contrarias a esta ordenanza terán o carácter de infracción administrativa e serán sancionadas nos casos, forma e medida que nela se determinan, a non ser que poidan constituír delictos ou faltas tipificadas nas leis penais. Neste último caso a administración municipal comunicará os feitos á xurisdicción competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte sentencia firme.

2.- As infraccións a que se fai referencia o apartado anterior clasifícanse en leves, graves e moi graves.

3.- Terán a consideración de infraccións leves, as cometidas contra as normas contidas nesta ordenanza que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves nos apartados seguintes.

4.- Considéranse infraccións graves as conductas tipificadas nesta Ordenanza, na Lei de Tráfico e Seguridade Vial, no Regulamento Xeral de Circulación e na demais normativa de aplicación no referido a:

- Conducción neglixente ou temeraria,
- omisión de socorro en caso de necesidade ou accidente,
- limitacións de velocidade,
- prioridade de paso,
- adiantamentos,
- cambios de dirección ou sentido,
- circulación en sentido contrario ó estipulado,
- paradas e estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculicen gravemente o tráfico,
- circulación sen iluminación en situacións de falta ou diminución da visibilidade ou cegando ó resto dos usuarios da vía,
- circulación sen as autorizacións previstas nesta ordenanza,
- circulación sen matrícula,
- circulación cun vehículo que incumpra as condicións técnicas que garantan a seguridade vial,
- realización de manobras
- sinalización permanente e ocasional,
- competencias ou carreiras entre vehículos,
- abandono na vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios,
- realización e sinalización de obras na vía pública sen permiso
- retirada ou deterioro da sinalización permanente ou ocasional.

5.- Terán a consideración de moi graves as infraccións tipificadas como tales na Lei de Tráfico e Seguridade Vial, Regulamento Xeral de Circulación e demais normativa de aplicación, inxestión de

substancias que perturben ou diminúan as facultades psicofísicas do conductor ou os tempos de reacción,así como as que se fai referencia no número anterior cando concorran circunstancias de perigo por razón da intensidade da circulación, das características e condicións da vía, das condicións atmosféricas ou de visibilidade, da coincidencia de vehículos e doutros usuarios especialmente en zonas urbanas, ou de calquera outra circunstancia análoga que poida constituír un risco engadido e concreto ó previsto para as graves no momento de cometerse a infracción.

**Artigo 166.- Persoas responsables**

1.- A responsabilidade das infraccións ó disposto nesta Ordenanza recaerá directamente no autor do feito.

2.- O titular que figure no rexistro do vehículo será en todo caso responsable das infraccións relativas á documentación do vehículo e ó seu estado de conservación cando as deficiencias afecten ás condicións de seguridade do vehículo así como das derivadas do incumprimento das normas relativas a recoñecementos periódicos.

3.- O titular do vehículo, debidamente requirido para facelo, ten o deber de identificar ó conductor responsable da infracción. Se incumprise esta obriga sen causa xustificada, no procedemento oportuno será sancionado pecuniariamente como autor de falta grave.

4.- Os fabricantes do vehículo e o dos seus compoñentes serán en todo caso responsables das infraccións relativas ás condicións de construcción que afecten á súa seguridade, así como de que a fabricación se axuste ós tipos homologados.

**Artigo 167.- Sancións.**

1.- As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 15.000 pesetas, as graves con multa de ata 50.000 pesetas e as moi graves con multa de ata 100.000 pesetas. Nos casos de infracción grave ou moi grave poderá propoñerse ademais a suspensión do permiso ou licencia de conducir por un período de ata tres meses.

As multas previstas no parágrafo anterior, cando o feito sancionable non estea castigado nas leis penais nin poida dar orixe á suspensión das autorizacións a que se refire o mesmo parágrafo e o segundo do apartado 3 deste artigo, poderán facerse efectivas dentro dos dez días seguintes á notificación da denuncia cunha reducción do cincuenta por cento, sobre a contía que se fixe provisionalmente.

Cando o infractor non acredite a súa residencia habitual en territorio español, o axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe ou garantirse o seu pagamento por calquera medio admitido en dereito, inmobilizará o vehículo nos termos e

condicións que se fixen regulamentariamente. En todo caso, terase en conta o previsto no parágrafo anterior respecto á reducción do cincuenta por cento.

2.- As infraccións sobre normas de conducción e circulación de vehículos de transporte escolar e de mercancías perigosas por estradas sancionaranse de acordo co previsto nas ordenanzas municipais ou na demais normativa de aplicación.

3.- Serán sancionadas con multa de 15.000 a 250.000 pesetas:

- a conducción sen a autorización administrativa correspondente,
- as infraccións ás normas reguladoras da actividade dos centros de recoñecemento de conductores ou de ensinanzas,
- as que se cometan no que atinxe á inspección técnica dos vehículos,
- as relativas ó réxime de actividades industriais que afecten de maneira directa á seguridade vial.

4.- O Concello poderá modificar a contía das multas previstas por infraccións a esta ordenanza, dentro dos límites establecidos pola Lei.

**Artigo 168.- Competencias.**

A sanción por infraccións a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponde ó Alcalde-Presidente, sen prexuízo da competencia sancionadora respecto de infraccións ós preceptos do Titulo IV -das autorizacións administrativas- da precitada Lei de Seguridade Vial, respecto da suspensión de permiso de conducción engadida a concretas infraccións e respecto de infraccións en travesías que non teñan características exclusivas de vías urbanas.

**Artigo 169.- Graduación de sancións.**

1.- Para establecer a contía das sancións, dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente e a presente Ordenanza, aplicaranse as cantidades previstas no cadro de sancións aprobado mediante bando da Alcaldía, decreto ou disposición de carácter xeral.

2.- As sancións previstas nesta Ordenanza graduaranse de acordo coa á gravidade e transcendencia do feito, ós antecedentes do infractor e ó perigo potencial creado.

3.- O órgano sancionador, en atención ás circunstancias, gravidade e transcendencia de cada infracción, á existencia ou non de intencionalidade, á reiteración ou antecedentes do infractor, á natureza dos prexuízos causados, ó perigo potencial e á reincidencia dentro dun mesmo ano en máis dunha infracción con sanción firme da mesma natureza, poderá, razoándoo expresamente na resolución que corresponda, modificar en máis ou en menos as contías establecidas.

**Artigo 170.- Procedemento.**

O Concello de Santiago de Compostela aplica o seguinte procedemento sancionador en materia de multas de tráfico, ó abeiro das disposicións contidas no Real decreto 320/1994 do 25 de febreiro, no Real decreto lexislativo 339/90, no Real decreto 12/97, nesta e noutras ordenanzas municipais e na demais lexislación aplicable.

O desenvolvemento do expediente terá varias fases:

- Fase de denuncia.
- Fase de notificación da denuncia e/ou proposta de resolución.
- Fase de alegacións.
- Fase de notificación da resolución.
- Fase de notificación da resolución sancionadora.
- Fase de constrinximento e embargo.

**Artigo 171.- Denuncia**

1.- Os axentes da autoridade encargados do servicio de vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observen no exercicio da súa actividade profesional.

2.- No boletín de denuncia que fixa o importe provisional da multa de acordo co cadro de infraccións aprobado proponse un período especial de pagamento no que poderá facerse efectivo o importe cun desconto especial do 50%. Neste boletín deberá constar a identificación do vehículo co que se cometeu a presunta infracción; a identidade do denunciado, se é coñecida; unha descrición do feito e das circunstancias en que se produciu, incluíndo o lugar, data e hora; a profesión e o domicilio do denunciante. Cando o denunciante sexa un axente da autoridade poderán substituírse os datos polo número da súa identificación profesional.

3.- Estes boletíns poderán ser os que cubra manualmente o denunciante ou os que producen os ordenadores portátiles especialmente programados para a confección de denuncias. Por economía do procedemento estes boletíns só se imprimen cando o axente identifica ó infractor ou cando, non estando presente, deixa a denuncia no vehículo. En todos os casos, os datos da infracción son gravados no terminal e trasladados sen modificación ó ordenador de xestión para dalos de alta como denuncias formuladas.

4.- Con carácter xeral, os boletíns serán asinados polo denunciante e polo denunciado sen que a sinatura deste último implique conformidade cos feitos denunciados, senón unicamente coa recepción do exemplar a el destinado. No caso de que o denunciado non se atopara presente , cando

se negue a asinar a firmar ou non saiba facelo, farase constar no boletín, colocando, cando resulte posible, a copia correspondente ó denunciado suxeita ó limpa-parabrisas, sen que elo implique notificación.

5.- O feito de non conservar boletín físico asinado polo axente, agás nas denuncias en que se identificara o infractor, súplese coa sinatura recollida ó axente na relación diaria de denuncias efectuadas co terminal. Esta sinatura e a autorización do axente para utilizala dixitalizada ó reproducir os boletíns de denuncia cubertos por el garanten a coincidencia entre os gravados nos terminais e os reproducidos baixo este procedemento.

6.- Nas denuncias por feitos alleos á circulación e ó estacionamento especificaranse todos os datos necesarios para a exacta descrición dos mesmos e a identificación do denunciante. A súa tramitación rexerase polo establecido na lexislación aplicable.

7.- Calquera persoa poderá, igualmente, formular denuncias por feitos que poidan constituír infraccións ós preceptos contidos tanto nas normas xerais de circulación como nesta Ordenanza.

**Artigo 172.- Incoación do expediente.**

Independentemente de que, de conformidade co disposto no artigo 3 do Real decreto 320/94, o axente da Policía Local inicia formalmente o expediente no momento de formular a denuncia, mediante resolución de Alcaldía e por acumulación, ordenarase a incoación dos expedientes sancionadores.

**Artigo 173.- Notificación da denuncia e/ou proposta de resolución.**

Nesta fase hai que distinguir entre:

a) denuncias notificadas polo axente denunciante.

b) denuncias non notificadas no momento.

a) As denuncias que o axente notifique persoalmente ó infractor, requirirán, de non seren pagadas na fase de boletín, a notificación da proposta de resolución ó infractor no seu domicilio.

b) As denuncias que non se notificaran ó infractor no acto requirirán, se non son pagadas na fase de boletín, que se notifique no domicilio do propietario do vehículo a denuncia e proposta de resolución.

Neste segundo caso (infractor non identificado), teranse en conta os seguintes aspectos:

- Por economía do procedemento, nesta fase notificarase ás persoas xurídicas como infractoras.

- Nesta notificación, ofrecerase a posibilidade de identificar ó conductor responsable ou de notificar a venda do vehículo en data anterior á denuncia.
- Se a persoa xurídica a que se notificou directamente non paga o importe correspondente, será requirida para que identifique ó infractor.
- Notificaráselle a denuncia á persoa física designada polo propietario do vehículo como infractora, facendo referencia ó motivo do expediente sancionador.
- Cando os propietarios de vehículos faciliten datos insuficientes para a identificar ó infractor, iniciarase contra eles un expediente sancionador ó abeiro do disposto no artigo 72 do Real decreto 339/1990, notificándollo na maneira prevista nas normas de procedemento administrativo.

**Artigo 174.- Alegacións.**

Na notificación da denuncia concederase prazo para a presentación de alegacións.

As alegacións formuladas polos infractores producen a perda da bonificación que regulamentariamente lles correspondese e permiten corrixir os defectos que puidese conter a notificación consonte ó disposto na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vistas as alegacións polo órgano instructor do procedemento poden darse as seguintes situacións:

- Se nas alegacións presentadas non se facilitan datos novos ou distintos dos inicialmente constatados polo denunciante, o órgano instructor elevará a proposta de resolución ó Alcalde, rexeitando as alegacións e impoñendo a sanción que corresponda. Unha vez dictada a resolución sancionadora polo órgano competente será trasladada ó interesado.
- Se o órgano instructor constata que as alegacións se opoñen ás apreciacións do denunciante ou que fornecen datos novos ou distintos dos contidos no expediente, trasladarallas a este para que, no prazo previsto no artigo 12.2 do Real decreto 320/1994, emita o informe oportuno. Á vista deste informe sobre as alegacións, o órgano instructor proporá, expoñendo os motivos, o rexeitamento ou a admisión total ou parcial das alegacións formuladas.
- Unha vez concluída a instrucción do procedemento e practicada a audiencia polo órgano competente (salvo cando non figuren no procedemento nin tiveran en conta na resolución outros feitos, nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado)

o instructor elevará proposta de resolución ao órgano que teña atribuída a competencia sancionadora para que dicte a resolución que proceda.

**Artigo 175.- Firmeza da resolución**.

O órgano instructor efectuará unha proposta de resolución sancionadora de todos aqueles expedientes en que vencera o prazo de pagamento voluntario da denuncia. O Alcalde dictará a oportuna resolución sancionadora que será notificada en forma ós interesados.

**Artigo 176.- Notificación da sanción.**

Utilizaranse documentos diferentes para notificar os expedientes segundo fose o seu trámite de denuncia, diferenciando os casos que seguen:

- Se non se presentaron alegacións.
- Se se presentaron alegacións e se resolveu a sanción sen proposta de resolución previa.
- Se se presentaron alegacións e se fixo proposta de resolución sobre a que non se presentaron alegacións.
- Se se presentaron alegacións, se fixo proposta de resolución e tamén se presentaron alegacións contra ela.

Malia que a resolución sancionadora esgota a vía de recurso administrativo, para as reclamacións que fosen recorridas perante a xurisdicción contencioso-administrativa o órgano instructor proporá o rexeitamento ou a aceptación do recurso. Neste último caso notificarase ós interesados esta aceptación.

**Artigo 177.- Cobro de multas.**

1.- As multas deberán facerse efectivas na caixa municipal ou nas entidades colaboradoras autorizadas, dentro dos quince días hábiles seguintes á súa resolución en firme.

2.-Vencido o prazo de ingreso establecido no apartado anterior sen satisfacer a multa, iniciarase a vía de constrinximento cos recargos e custas a que haxa lugar.

3.-Os órganos e procedementos desta tramitación serán os previstos no Real decreto 320/94 e no Regulamento xeral de recadación.

**Artigo 178.- Execución das sancións.**

1.- Non se poderán executar as sancións previstas nesta ordenanza mentres non adquiriran firmeza na vía administrativa.

2.- A suspensión definitiva das autorizacións reguladas nesta Ordenanza levarase a efecto unha vez que adquira firmeza a sanción imposta, sen prexuízo da adopción das medidas cautelares que procedan.

**Artigo 179.- Providencia de constrinximento.**

Vencido o prazo de pagamento voluntario da sanción, o órgano instructor proporá o inicio da vía de constrinximento que se desenvolverá segundo dicta a norma correspondente.

**Artigo 180.- Notificación da providencia de constrinximento.**

As providencias de constrinximento notificaranse individualmente ós infractores iniciando así a vía de constrinximento.

Nesta fase non son admisibles reclamacións por motivos referentes á tramitación do expediente sancionar (fondo e forma) senón unicamente por motivos fundados nos supostos previstos na regulación do constrinximento.

Os actos de xestión recadatoria dictados polo órgano municipal competente respecto das multas impostas en aplicación do Regulamento Xeral de Circulación e Ordenanza Municipal, serán impugnables por medio do procedemento establecido no art.14.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locales.

**Artigo 181.- Delegación de competencias e colaboración entre Administracións Tributarias.**

O Concello ó obxecto de soslaiar as actuais dificultades da recadación executiva para actuar contra os infractores con domicilio e contas correntes fóra do termo municipal poderá delegar ou establecer os oportunos convenios de colaboración con outras administracións tributarias, nos termos establecidos no art.10 do R.D. 1108/1993, de 9 de xullo.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

As licencias outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza deberán adaptar a sinalización no prazo de seis meses a esta nova regulación.

**DISPOSICIÓNS FINAIS**

1. A contía das sancións será determinada, dentro dos límites establecidos nesta Ordenanza e na lexislación vixente, mediante bando, decreto ou resolución da Alcaldía, no non previsto no mesmo estarase ó disposto no R.D. 13/1992, de 17 de xaneiro.

2. O procedemento axustarase, en todo caso, ó establecido polas normas de carácter superior -estatal ou autonómico- que se aplicarán no que afecte ó contido desta Ordenanza.

3. Esta ordenanza adatarase en todos os seus apartados a normativa autonómica e municipal relativa á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

4. En todo o non previsto nesta Ordenanza estarase o establecido na lexislación vixente e especial na Lei de seguridade vial, na Lei 30/92, no Real decreto 1.398/93, no Real decreto 320/94, no Código da Circulación, e na demais lexislación estatal e autonómica aplicable.